

# PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

# ARES

DOCUMENTO REFUNDIDO DO PGOM DE ARES  
CONFORME Á ORDE DE APROBACIÓN DEFINITIVA  
DA CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DO 05/02/2020



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



DOCUMENTO II :

ESTUDO DO MEDIO RURAL

PROMOTOR:



**CONCELLO DE ARES**

EQUIPO REDACTOR:



AVDA DEL EJÉRCITO 12-14, 4º  
15006 A CORUÑA  
Telfs.: 981 24 43 00 Fax: 981 24 48 99  
e-mail: [planeamiento@cerneingenieria.es](mailto:planeamiento@cerneingenieria.es)

XULLO 2020

**DOCUMENTO II**

---

**ESTUDO DO MEDIO RURAL**

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



## ÍNDICE:

### DOCUMENTO II. ESTUDO DO MEDIO RURAL

#### 1. - ESTUDO DO MEDIO FÍSICO

##### 1.1. - LOCALIZACIÓN DO MUNICIPIO E ENCADRE REXIONAL

##### 1.2. - MORFOLOXÍA

##### 1.3. - XEOLOXÍA

##### 1.3.1. - CARACTERÍSTICAS E CUALIDADES DOS SOLOS EN FUNCIÓN DO SEU MATERIAL DE PARTIDA

##### 1.4. - EDAFOLOXÍA

##### 1.5. - HIDROLOXÍA

##### 1.5.1. - CATALOGACIÓN DOS HUMIDAIIS

##### 1.5.2. - HIDROXEOLOXÍA

##### 1.6. - CLIMATOLOXÍA

##### 1.6.1. - TEMPERATURA

##### 1.6.2. - PRECIPITACIÓN

##### 1.6.3. - VENTO

##### 1.6.4. - CLIMODIAGRAMAS

##### 1.6.5. - DIAGRAMA DE GAUSSEN

##### 1.6.6. - CLASIFICACIÓN CLIMÁTICA

##### 1.7. - VEXETACIÓN

##### 1.7.1. - VEXETACIÓN POTENCIAL

##### 1.8. - FAUNA

##### 1.9. - Valores ambientais e paisaxísticos singulares: Áreas de Especial Protección

##### 1.9.1. - ÁREAS DE INTERESE AMBIENTAL (AIA)

##### 1.9.2. - FICHAS DAS PRAIAS

#### 2. - USOS E POTENCIALIDADES DO SOLO

##### 2.1. - O USO AGRARIO

##### 2.2. - O USO GANDEIRO

##### 2.2.1. - GANDO VACÚN

##### 2.2.2. - OUTROS SECTORES GANDEIROS

##### 2.3. - O ESPACIO AGRARIO

##### 2.4. - O ESPACIO FORESTAL

##### 2.5. - O ESPACIO IMPRODUCTIVO

##### 2.6. - USOS POTENCIAIS DO SOLO

##### 2.6.1. - FACTORES CLIMÁTICOS

##### 2.6.2. - FACTORES XEOMORFOLÓXICOS

##### 2.6.3. - FACTORES HIDROLÓXICOS

##### 2.6.4. - A ACCESIBILIDADE

##### 2.6.5. - USOS DO SOLO ACTUAIS

##### 2.6.6. - CRITERIOS DE PRODUCTIVIDADE PRIMARIA

##### 2.6.7. - FACTORES AMBIENTAIS

##### 2.6.8. - USOS POTENCIAIS DO SOLO AGRÍCOLA

##### 2.6.9. - USOS POTENCIAIS DO USO FORESTAL

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020.



## ANEXO I

### CARTOGRÁFICO

## 1. - ESTUDO DO MEDIO FÍSICO

---

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



## 1.1. - LOCALIZACIÓN DO MUNICIPIO E ENCADRE REXIONAL

---

O termo Municipal de Ares encontrase situado ao Norte da provincia da Coruña entre os 43° 25' e 43° 28' de latitude Norte e os 8° 19' e 8° 12' de lonxitude Oeste. Forma unha península xunto co concello de Mugardos tendo como lindeiros: ao norte Mugardos e a ría de Ferrol, ao leste Fene, ao sur temos a ría de Ares e Betanzos, e ao oeste o océano Atlántico.

A extensión do termo municipal é de 18,31 quilómetros cadrados, distribuídos en tres parroquias que conforman o concello: San Xosé de Ares, San Vicente de Caamouco, e San Pedro de Cervás. Nas que viven un total de 5.743 habitantes (ano 2015), cunha densidade de poboación grande, duns 313,54 habitantes por quilómetro cadrado.

A vila mais importante do concello é a vila de Ares, que ten uns 3.930 habitantes. Atópase a 43 km de A Coruña e a 15 km de Ferrol. O concello está comunicado cos concellos veciños mediante unha rede de estradas de titularidade autonómica, como son: a AC-130 de Mugardos a Ares, AC-124 e AC-122 de Fene a Redes e a AC-123, que comunica coa autovía A Coruña-Ferrol a través da vía rápida VG-1.2 e coa AC-122, que vai de Cabanas a Mugardos.

## 1.2. - MORFOLOXÍA

---

Ares está situada ao noroeste da provincia de A Coruña, entre Punta Segaña, polo norte, e a Punta Modias, polo sur. O concello caracterízase pola presenza dunha superficie de aplanamento que se sitúa entre os 100 e os 200 metros de altitude. Ten unha costa acantilada dende a propia Enseada de Ares ata punta Coitelada, seguindo unha dirección noroeste. Todo isto enmárcase dentro da nota predominante de suavidade de formas. A única cota altimétrica importante, localizada cara ó noroeste do concello, é o Montefaro, do que o punto culminante alcanza os 265 metros de altitude.

Obsérvase que a maioría do concello ten pendentes chans e moderadas (comprendidas entre 0 e 15%). As zonas con pendente máis abrupta atópanse na costa nordeste e no Montefaro.

A ría de Ares e Betanzos é máis aberta ca súa veciña de Ferrol; a presenza masiva de materias xistosas e o modelado nas súas marxes de diferentes niveis aplanados favoreceu isto.

A morfoloxía costeira caracterízase por costas de acantilados relativamente baixos (20-30 m) con praias de areas claras e finas, as veces de dimensións regulares. Nalgúns casos obsérvanse dunas costeiras de pequenas dimensións e fixadas pola vexetación.


Os ríos do concello son pequenos cursos de auga de moi curto percorrido e moi próximos ao mar, o cal impide a formación de correntes de auga de gran volume. Un dos ríos máis importantes é o río Xunqueira, que nace en Mugardos e descorre de norte a sur, morrendo na praia de Ares na Enseada de Ares. No resto do concello, encontramos pequenos ríos e regatos entre os que podemos sinalar: Río Sandeo, que serve de límite

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



municipal con Fene, Rego Romeo que desemboca en Redes, segundo núcleo en importancia do municipio, o Río de Baño e o Rego Pomoulo, que desauga na enseada de Chanteiro.



Mapa de pendentes

### 1.3. - XEOLOXÍA

Para situar o concello de Ares empregase o esquema de diferentes zonas paleoxeográficas establecido no noroeste da Península Ibérica por Matte.

Corresponde á zona IV, Galicia media-Tras os Montes (Matte, 1968). Á súa vez esta zona se encadra no dominio oeste, caracterizado pola presenza de rochas sedimentarias e rochas básicas, ambas metamorfizadas, e pola ausencia de Olló de Sapo e Paleozoico datado.

O termo municipal de Ares atópase formado por granitos emprazados en diferentes etapas da oroxénese Hercínica.

Todo o concello pertence á unidade morfotectónica denominada penichaira galega, que presenta como característica un ciclo erosivo xa moi avanzado interrompido por un novo ciclo, como resultado dun máis recente alzamento.

Descrición estratigráfica:

Precámbrico-Silúrico. Serie de Ordenes (PC-S)

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



Metamórficamente as rochas da Serie de Ordenes hai que definilas como cuarzoístos biotíticos con o sen andalucita, estaurolita e granate con franxas de cuarcita negra (lidita) e de cuarzoanfibilita. A moscovita presentase en menor proporción ca biotita, pero intercrecendo con ela.

O cuarzo soe atoparse formando un mosaico xunto á plaxioclasa, na que se inclúe, e alongado segundo o sentido da esquistosidade principal; poden aparecer fenoblastos de biotita con inclusións de cuarzo alongados segundo os seus planos de exfoliación, transversas á esquistosidade que as rodea e en ocasións con sombras de presión. Con análoga disposición aparecen incluídas nas andalucitas; trátase posiblemente de biotitas precinemáticas

Ademais de definir as estruturas orientadas da rocha, pode aparecer en fenoblastos que se dispoñen sobre a esquistosidade, polo que se interpreta de cristalización sen a post-tectónica 2, igual que certas cloritas.

A estaurolita aparece normalmente en pequenos cristais xenomorfos fracturados, con inclusións de cuarzo, de intenso pleocrismo e sempre incluídos en moscovita.

O granate aparece habitualmente como en pequenas porcións xenomorfas, fracturadas, oxidadas e esporadicamente incluído en andalucita. Parcialmente reabsorbidos e alineados ao longo de planos de biotita que se deforman e con lixera sombra de presión. Esta disposición apoia que sexan dunha cristalización precinemática. Ademais, aparecen outros medrando sobre as biotitas, con numerosas inclusións de opacos en atolón, desenvolvendo caras idiomorfas sobre as micas e esqueléticas nos micrólitos cuarzosos. Probablemente son de cristalización tardía e en conclusión rápidas e de inestabilidade.

A andalucita aparece en fenoblastos prismáticos alongados coa esquistosidade, con numerosas inclusións poiquilíticas de cuarzo e biotita alineadas coa esquistosidade, e mesmo de granate. Láminas de biotita obsérvanse tamén cruzadas en andalucita.

As cuarzo-anfibolitas son rochas verdes, de textura granonematoblástica, sendo os anfíboles e biotita os que definen foliación. Están compostas por cuarzo, plaxioclasa (sericita) e actinolita parcialmente cloritizada como minerais esenciais, e biotita, apatito, epidota, circón, granate (a veces ausente) e esfena.

Normalmente o cuarzo e a plaxioclasa están presentes en composicións equivalentes dun 20-30% e forman un agregado granoblástico con haces espallados de actinolita.

A plaxioclasa aparece abondo sericitizada e en agregados co cuarzo que soe presentar contornos suturados e extinción ondulante.

A biotita aparece xunto á actinolita en láminas illadas con inclusións de cuarzo sen orientación constante.

Cuaternario:

Non atinxe moito desenvolvemento e fica limitado á presenza dalgún manto detrítico e tamén á de certos depósitos areo-limosos nas desembocaduras dos ríos.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



DOCUMENTO II  
DO MEDIO RURAL

Os mantos detríticos, en uns casos están formados por cantos grosos de arestas retocadas e noutros por coluviós "in situ" de cantos (varios centímetros), con algúns lentellóns de areas e arxilas sen desgaste que foron clasificados como formas de regresión (NONN, H., 1967).

É de notar a presenza dalgunha terraza ( $\pm 60$  m.) atribuído polo autor anteriormente citado ao período Interglaclal Gunz-Mindel.

#### Descrición petrolóxica:

Rochas Plutónicas:

Granodiorita tardía.

Afloran na zona occidental do termo municipal de Ares dende o alto do monte Faro ata a costa; o seu emprazamento é en forma de intrusión cilíndrica.

A granodiorita é de gran medio-groso, ten megacristais de feldespatos con unhas orientación de fluxo que nos bordes da intrusión son máis ou menos bufantes e que na bóveda se horizontalizan. Ten abundantes enclaves de rochas máis básicas (pórfidos tonalíticos), esmagados probablemente polo fluxo e con unha dirección que coincide máis ou menos coa rexional.

En xeral, este tipo de rochas están moi afectadas polas deformacións tardihercínicas.

O feldespatos potásico constitúe cristais tabulares de varios milímetros de lonxitude. É microclina con macla Karlsbad moi frecuente, e as veces albíta-periclina en manchas, pertítica. Posiblemente trátase de antigas ortosas. Inclúe pequenos cristais de plaxioclasa, cuarzo e biotita.

A plaxioclasa en cristais subautomorfos soe estar maclada e presenta zonado variable. Contén as veces inclusións ordeadas de moscovita. Obsérvanse mirmequitas nos bordes con microclina e algunhas antipertitas.

En ocasións hai manifesta deformación mecánica, observable microscópicamente pola granulación do cuarzo, fracturas dos feldespatos e flexión das micas (biotita e moscovita que nestes casos soen estar orientadas).

Como accesorios hai apatito, zircón e opacos.

É de destacar sempre a presenza de moscovita en proporción variable, pero xeralmente importante, probablemente orixinada nun proceso de reaxuste a baixa temperatura na granodiorita.

Normalmente tanto a rocha san como os depósitos de alteración poden empregarse na industria da construción.

Rochas Filonianas:

Diques de pórfidos graníticos.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020.






Non son frecuentes. Temos unha pequena inclusión ao leste de Redes. Son rochas de aspecto graúdo e tons amarelo-verdosos.

A textura é porfídica, con fenocristais idiomorfos de cuarzo, feldespato potásico e plaxioclasas. Estas últimas teñen maclas imperfectas, sen zonar, e soen estar rodeadas por unha coroa de feldespato potásico en unha matriz de feldespato potásico e plaxioclasa. A moscovita soe aparecer en placas grandes.

Diques básicos. Diabasas ou dolerita:

De escasa potencia atópanse nas inmediacións de Redes. Son rochas de grao fino, con cristais de feldespato de 2 ou 3 mm, que brillan en diversos planos. Teñen textura diabásica, a veces algo porfídica.

A plaxioclasa está xeralmente como prismas alongados entrecruzados e zonados, algúns curvados, nos ocos hai piroxenos e menos frecuentemente graos de olivino. Tamén hai plaxioclasas en fenocristais xenomorfos cadrando coa mesostasis e en agregados glomerulares con piroxenos e opacos.



### 1.3.1. - Características e calidades dos solos en función do seu material de partida

Existen dúas unidades litolóxicas claramente diferenciadas no concello. Unha correspondente a parte occidental do concello dende o Montefaro ata a costa, formada por rochas graníticas e xerando solos que de non ser polo clima húmido e temperado do concello daría lugar a solos relativamente someros e estériles. Polo tanto o clima permite un desenrolo do perfil maior, con textura franca podendo chegar a texturas franco-arxilo-areosa, permitindo os cultivos.


DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



A outra unidade litolóxica formada por gneis colle a maior parte do concello e corresponde as parroquias de Ares e Caamouco. Estes solos desenrolados sobre gneis conteñen limos areosos ou arxilas areosas.

Os solos aluviais situados as marxes e desembocaduras de regos e ríos, formados por depósitos de elementos transportados polas correntes caracterízanse por unha grande variedade textural. Son solos que nalgúns casos non están ben drenados, como resultado da súa estratificación e textura.



#### 1.4. - EDAFOLOXÍA

Dende o punto de vista puramente edafolóxico, o terreo é a parte sólida máis externa da cortiza terrestre, que sufriu e segue sufrindo accións causadas por axentes atmosféricos e seres vivos, e serve de soporte á vexetación. Configura así un medio complexo, dinámico, transición entre o aire, a auga e os seres vivos da superficie e a rocha subxacente, caracterizado por unha atmosfera interna, unha particular utilización da auga, unha flora e unha fauna determinada e uns constituíntes minerais u organo-minerais.

Debido á lentitude dos procesos formadores de solos, que poden durar centos ou miles de anos, estes considéranse non renovables a escala humana. É por isto que necesitan dunha axeitada utilización e conservación.

As características edáficas están influenciadas fundamentalmente polo relevo, a natureza do material de partida e o tempo de desenvolvemento do solo. Dende o punto de vista químico a xeneralidade dos solos de Ares caracterízanse por unha perda case total dos catións alcalinos e alcalinoterreos, un lavado importante de óxidos de sílice, o que explica as características de acidez e baixo contido en bases que presentan case tódolos solos o mesmo que os da maioría dos solos de Galicia.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



Seguindo as normas de “Soil Taxonomy” ou clasificación americana, os solos do concello de Ares pertence á orde: **Inceptisols 1**.

Os Inceptisols son solos medianamente evolucionados cun perfil típico A/(B)/C no que hai un horizonte CAMBICO (B) que presenta un moderado grado de desenrolo. Parte destes solos teñen abundancia de materia orgánica en superficie (epipedión UMBRICO); fronte aos máis pobres (epipedión OCHRICO) de cores máis claros. Trátase de solos medianamente profundos, en xeral acedos; correspondéndose coas terras pardas sobre materiais acedos. Normalmente están cultivados. Atópanse en todo o termo municipal.

## 1.5. - HIDROLOXÍA


Os ríos e regatos son uns dos recursos naturais máis importantes, xa que actúan como corredores para a fauna e flora silvestres, e polo tanto son fonte importante da biodiversidade do concello. É por todo isto que desempeñan unha importante función tanto ecolóxica como paisaxística.

Pero ademais os cauces presentan un valor cultural moi importante. Tamén aportan un uso recreativo mediante actividades tan diversas como poden ser a pesca ou o paseo.

Na rede hidrolóxica de Ares, segundo a clasificación establecida no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, pódense localizar as seguintes agrupacións de concas principais realizadas con criterios hidrográficos e de explotación denominadas “Sistemas de Explotación”:

Sistema de Explotación nº 13: “Río Eume e Ría de Ares”.

Sistema de Explotación nº 14: “O Ferrol”.



Mapa dos sistemas de explotación.


DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



A rede fluvial que discorre polo concello de Ares caracterízase por presentar un baixo número de cursos, tanto de ríos como de regatos, nacendo a maioría deles no concello.

Os “Sistemas de Explotación” divídense en concas mais pequenas “Subconcas”. No caso concreto de Ares o seu posicionamento na península separando as rías de Ferrol e de Ares-Betanzos, xunto coa súa orografía da lugar a ríos e regatos cunha lonxitude curta e pequenas concas costeiras que verten á ría. No seguinte mapa pódense observar as concas do concello.



Mapa das concas do concello de Ares

A continuación noméanse os ríos e regos do concello, aparecendo en maiúscula aqueles cursos fluviais que desembocan no mar, e en minúscula aqueles que son afluentes dalgún dos anteriores

Nome
REGO SANDEO (102)
REGO ROMEO (101)
(100)
RÍO XUNQUEIRA (099)
Río Novo (099001)
(099002)
RÍO DE BAÑO (098)
(097)
REGO POMOULO (096)

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020









## REGO DE POMOULO

Nace nas inmediacións do núcleo de Chanteiro na parroquia de Cervás ao oeste do concello, e desemboca na praia de Chanteiro situada entre Punta Coitelada e Punta Segaña. Este rego discorre por terras con pouca pendente.

Xa seu nacemento vese influenciado polo núcleo de Chanteiro tendo unha dirección norleste-suroeste para rapidamente adoitarse unha dirección surlleste-noroeste, onde atopamos un terreo fragmentado en parcelas de pequenas dimensións con casas e poucos campos de cultivo, ata a súa desembocadura na que predominan o sur as asociacións arbóreas de eucalipto piñeiro e algunhas especies frondosas caducifolias, mentres que ao norte do rego cobran relevancia os usos residenciais.



### Lenda

	MASAS ARBÓREAS
	MATO
	PASTEIROS ARBUSTIVOS
	PRADOS
	AREAIS, ZONAS HÚMIDAS
	ZONAS DE ASENTAMENTO DA POBOACIÓN

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



Este rego forma unha conca costeira de superficie 1,53 Km<sup>2</sup>, que se desenvolve polas ladeiras dos montes que o rodean. O rego posúe unha lonxitude de 1220 m.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020


En Ares, a 9 de setembro de 2020



**REGO 097**

Este rego ao nacer ten unha orientación noroeste-surleste atravesando zonas de prados e predios agrícolas cunhas pendentes suaves, para na metade do seu percorrido pola parroquia de Cervás adoitar unha orientación norleste-suroeste ata desembocar nas cercanías de Punta Promontorio na ría de Ares e Betanzos.

Este último traxecto fáino atravesando terras onde destacan as pendentes escarpadas e os bosques mixtos, formados por eucaliptos e piñeiros, e asociadas ao cauce temos as especies frondosas caducifolias onde pódense destacar os salgueiros e os ameneiros.

**Lenda**

	MASAS ARBÓREAS
	PASTEIROS ARBUSTIVOS
	PRADOS
	ZONAS DE ASENTAMENTO DA POBOACIÓN

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



A lonxitude do rego é de aproximadamente 900 m. A súa conca abarca unha pequena superficie sendo de tan só 0,77 Km<sup>2</sup>.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020





## RÍO DE BAÑO

Nace ao Este do núcleo de Cervás, inda que bastante afastado, rodeado por masas forestais que abranguen abondosos castiñeiros. Discorre por terreos que adoitan pendentes moderadas ata entrar no concello veciño de Murgardos onde remata desemboca na Enseada do Baño.

Soamente na metade do seu percorrido polo concello de Ares vese afectado por usos agrícolas.



### Lenda


- MASAS ARBÓREAS
- PRADOS
- ZONAS DE ASENTAMENTO DA POBOACIÓN

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



A lonxitude do rego é de aproximadamente 620m. A súa conca abarca unha pequena superficie sendo de tan só 0,81 Km<sup>2</sup>.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020.







## RÍO XUNQUEIRA

O río Xunqueira non nace no concello de Ares senón que faino concello veciño de Mugardos, dende o seu nacemento ata xa ben entrado na parroquia de Ares ten unha orientación norleste-suroeste. Para nas inmediacións da cidade de Ares, mais ou menos por esta zona é onde recolle as augas dun pequeno rego (099002) e o río Novo, adoitando unha orientación norte sur ata desembocar na Enseada de Ares.

Asociado non só as súas ribeiras senón tamén a unha ampla zona de inundacións presenta unha importante vexetación higrófila asociada.



### Lenda

-  MASA ARBÓREAS
-  PRADOS
-  AREAIS, ZONAS HUMIDAS
-  ZONAS DE ASENTAMENTO DA POBOACIÓN E ÁREAS INDUSTRAIS

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



O río ten unha lonxitude de 2360 m, sendo a súa conca é de 5,5 Km<sup>2</sup>.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020


En Ares, a 9 de setembro de 2020.



## RÍO NOVO

Afluente do río Xunqueira, que a diferenza deste, desenvólvese na súa totalidade pola parroquia de Ares. Este rego flúe cunha orientación oeste-leste, paralelamente a estrada que une as poboacións de Ares e Chanteiro, dende o seu nacemento ata a súa desembocadura no río Xunqueira nas inmediacións do núcleo de Ares.

O rego vese atravesado no seu último treito por varias estradas. O seu desenrolo ao longo da parroquia ven caracterizada por pendentes moderadas, ocupadas por predios agrícolas e nalgún dos casos pequenas asociacións arbóreas, cun grado de naturalidade moi baixo. Atopándose os núcleos de Lubre ao sur e Besoxo ao norte e na súa desembocadura a cidade de Ares.



### Lenda


- MASA ARBÓREAS
- PRADOS
- AREAIS, ZONAS HUMIDAS
- ZONAS DE ASENTAMENTO DA POBOACIÓN E ÁREAS INDUSTRIAIS

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020.



Este rego ten unha lonxitude de 1700 m, e a superficie da súa conca é de 2,58 Km<sup>2</sup>.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



**REGO (100)**

Este rego discorre na súa totalidade pola parroquia de Caamouco dende o seu nacemento ao noroeste de Rodelas no Outeiro de Barracido ata a súa desembocadura na praia de Raso, enclavada na Enseada de Ares.

A súa orientación é norleste-suroeste durante todo o seu percorrido. Atravessa maioritariamente zonas arboradas compostas por un gran numero de especies frondosas caducifolias tales como ameneiros, salgueiros, castiñeiros....Mais ou menos na metade do seu percorrido o atravesa a estrada CP-0401 atopándose tamén usos residenciais.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

**Lenda**

- MASA ARBÓREAS
- PRADOS
- AREAIS, ZONAS HUMIDAS
- ZONAS DE ASENTAMENTO DA POBOACIÓN E ÁREAS INDUSTRIAIS

A lonxitude do rego é de 1507 m e a súa conca ten unha superficie de 0,88 Km<sup>2</sup>.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020









### REGO ROMEO

Este rego de reducidas dimensións nace ao norte do núcleo de Redes. Presenta como principal característica un marcado carácter urbano que o leva a ser canalizado case dunha maneira inmediata ata desembocar no porto de Redes.




#### Lenda

-  MASAS ARBÓREAS
-  PRADOS
-  AREAIS, ZONAS HÚMIDAS
-  ZONAS DE ASENTAMENTO DA POBOACIÓN

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020





DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020.



## RÍO SANDEO

Forma un pequeno val ao este de Redes que serve de linde natural co concello veciño de Fene. As pendentes caracterízanse por ires de suaves a moderadas inda que nalgúns puntos illados poidan adquirir valores mais elevados.

Durante todo o seu percorrido soamente vese afectado por usos forestais



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



### Lenda

- MASAS ARBÓREAS
- AREAIS, ZONAS HÚMIDAS
- ZONAS DE ASENTAMENTO DA POBOACIÓN

A lonxitude do rego é de aproximadamente 1060 m. A súa conca abarca unha pequena superficie sendo de tan só 0,53 Km<sup>2</sup>.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020


En Ares, a 9 de setembro de 2020



### 1.5.1. - CATALOGACIÓN DOS HUMIDAIIS

Ares ádemas de ser un concello costeiro, ten un clima de temperaturas suaves e choivas frecuentes, polo que a auga é un elemento de presenza constante non só nas súas costas, senón nos distintos humidais que salpican todo o territorio. Na seguinte táboa enuméranse as distintas zonas húmidas que se poden atopar no concello.

Nome	Código de identificación	Nome	Código de identificación
Ría de Ares	1110041	Enseada do Baño	1110189
Río Pomoulo	1110192		
Río Xunqueira	1110237		



Humidais costeiros

Na liña de costa destaca a ría de Ares que constitúe un hábitat cheo de vida grazas a esa mestura de augas mariñas e fluviais ricas en nutrientes, que soportan cadeas tróficas complexas, das que se benefician miles de aves permanentes e estacionais, e que dan lugar a mosaicos de vexetación de enorme diversidade.

Nome	Superficie (ha)	UTM X huso 29T (m)	UTM Y huso 29T (m)
Ría de Ares	871,76	566047	4807525

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020





**Humidais continentais**

As augas correntes continentais forman unha rede, que caracterízase polas pequenísimas extensión das súas concas. Algúns destes cursos inundan áreas adxacentes na estación chuviosa, promovendo ecosistemas onde atopan acomodo gran número de plantas e animais e que polo tanto forman parte da riqueza ecolóxica e paisaxística do concello.

**RÍO POMOULO**

A zona húmida mais extensa do concello atopase na parroquia de Cervás e ten unha superficie como pode verse na táboa seguinte aproximadamente 34 ha. Esta zona húmida ocupa o val que vai dende a praia de Chanteiro ata as inmediacións do núcleo de Chanteiro, atravesando unha paisaxe que na súa maioría esta formada por prados e algúns cultivos anuais xunto a variada vexetación de ribeira do río neste tramo.

Nome	Superficie (ha)	UTM X huso 29T (m)	UTM Y huso 29T (m)
Río Pomoulo	34,01	556851	4810631



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020.



## RÍO XUNQUEIRA

O río Xunqueira xa chegando a súa desembocadura na praia de “Ponte da Cascada” nas inmediacións da cidade de Ares, presenta unha chaira de inundación denominada a “Xunqueira de Ares”.

Nome	Superficie (ha)	UTM X huso 29T (m)	UTM Y huso 29T (m)
Río Xunqueira	4,02	561774	4809196




Esta zona húmida sustenta unha importante flora e fauna adaptada ás peculiares condicións de encharcamento que sofren estes terreos. Dentro da diversidade de vexetación destes sistemas húmidos da Europa atlántica destacan elementos arbóreos como *Alnus glutinosa*, *Betula alba*, *Salix atrocinerea* (formación maioritaria) ou *Salix salvifolia* formando bosques de galería.

Entre a flora herbácea destacan as formacións monoespecíficas, da familia Typhaceae como é o caso das “espadainas” (*Thypha latifolia*) que ocupan considerables extensións do humedal, e en menor medida asociados a estes medios turfófilos poden observarse *Thypha angustifolia* e *Thypha dominguesis*. Medrando en grupos densos arredor de charcas ou correntes lentas tamén pódense atopar formacións de *Carex riparia*.



*Thypha latifolia*



*Thypha angustifolia*



*Carex riparia*

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020.





## RÍO DE BAÑO


Esta zona húmida distribúese ao norte da parroquia de Cervás limitando co concello de Mugardos, e aínda que a súa superficie é dunhas 114 ha soamente unha pequena proporción desta superficie atopase no concello de Ares.

Desenvolvese na súa maioría por unha paisaxe composta por prados, bosques de pinos, eucaliptos e frondosas e ao igual que acontece noutros cursos fluviais do concello tamén temos unha considerable vexetación de ribeira.

Nome	Superficie (ha)	UTM X huso 29T (m)	UTM Y huso 29T (m)
Enseada do Baño	114,52	559255	4811771

### 1.5.2. - HIDROXEOLOXÍA

A distribución da auga nos distintos materiais que compoñen o concello de Ares son un factor que determina as características da rede hidrolóxica. A permeabilidade dos materiais existentes no concello é en xeral baixa, se ben presentan unha certa permeabilidade secundaria ligada ao maior ou menor grado de tectonización e o seu grado de fracturación por frecuencia de xuntas. No seguinte mapa aprécianse as unidades de permeabilidade que temos no concello.







Nos materiais do substrato rochoso formados por rochas da Serie de Ordenes cun grado de meteorización variable (dende moderadamente meteorizadas ata rocha fresca), con diques de pórfidos graníticos.

Nos materiais cuaternarios correspondentes a aluviais dos ríos e as súas desembocaduras a permeabilidade varía en función da existencia de niveis detríticos grosos, semipermeables, intercalados con niveis finos, limo-axilosos impermeables. En xeral a posibilidade de aparición de acuíferos definidos e continuos é baixa, inda que puntualmente poden aparecer bolsas de auga, asociadas localmente á intensidade das choivas.



As concas do concello son pequenas e caracterízanse pola escasa ramificación e pequenas lonxitudes dos seus cauces. No referente ás zonas con risco asolagamento cabe salientar que no concello Ares segundo recolle o Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa presenta algunha zona de risco potencial de asolagamento como pode verse no mapa adxunto.



	Rede Fluvial
	Risco Potencial de Asolagamento
	Prioridade Máxima
	Prioridade Media
	Prioridade Mínima

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020.



## 1.6. - CLIMATOLOXÍA

---

Debido á proximidade do mar, Ares presenta un clima cunha certa termicidade. As precipitacións e a humidade ambiental soen ser elevadas, e por iso esta rexión encádrase na área que Lautensach chamou Iberia sempre húmida. Na costa os invernos son suaves e os veráns son en xeral frescos e húmidos.

En xeral, as temperaturas máximas aumentan e as mínimas diminúen dende o noroeste cara ao sueste. A oscilación térmica increméntase tamén na mesma dirección, en consonancia co incremento da continentalidade climática ao alonxarnos da costa.

En xeral, podemos observar que a oscilación térmica anual do concello é reducida, ao redor dos 13-14 °C, típico dos climas onde o mar exerce unha función reguladora.

Predominan os ventos do nordeste (188 días ao ano), o vento presenta na zona unhas velocidades que alcanzan unha media de 10-11 km/hora, se ben, Ares, pola súa situación, orientada cara ó interior da ría, ve diminuída a influencia dos ventos sobre o seu territorio.

Á hora de analizar as características dun clima local, hai que ter presente o conxunto dos factores climatolóxicos: latitude xeográfica, altitude sobre o nivel do mar, grao de continentalismo, distancia aos grandes centros de acción da atmosfera e demais determinantes físicos, interrelacionados cos elementos climatolóxicos. O estudo climatolóxico, abarca as seguintes unidades:

- Temperatura.
- Precipitacións e pluviometría.
- Ventos.


Ao non contar o municipio de Ares con ningunha estación meteorolóxica, tívose que optar pola elección dunha estación en función dunha serie de factores considerados importantes, como son: a proximidade ao concello, a similitude do relevo, a altitude, a orientación, a categoría do observatorio (termopluiométrico ou pluviométrico) e dispor dun período de observación amplo.

Polo que optouse pola selección dos datos das estacións meteorolóxicas de Monteventoso, Fene e CIS Ferrol.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020.





DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



### 1.6.1 - TEMPERATURA

A temperatura do aire é, xunto coas precipitacións, o carácter climatolóxico máis importante. Pola súa influencia en tódalas actividades do home, na fauna, vexetación, etc.

Os parámetros da temperatura que se teñen en conta son: as temperaturas medias das máximas ( $t_m$ ) e das mínimas ( $t_m$ ), e temperaturas medias das máximas absolutas ( $T_M$ ) e das mínimas absolutas ( $T_m$ ) mensuais.

Estación meteorolóxica de Monteventoso:

MES	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	ANUAL
TEMP.	9,3	8,8	10,7	11,4	13,3	16,0	17,8	18,1	17,1	15,2	11,7	9,8	13,3
$t_m$	7,2	6,6	8,1	8,7	10,6	13,2	15,0	15,4	14,7	13,0	9,6	7,8	10,8
$t_M$	11,3	11,0	13,3	14,1	16,1	18,9	20,6	20,8	19,6	17,5	13,7	11,7	15,7
$T_m$	2,8	2,8	4,8	6,2	7,5	10,5	12,6	13,4	12,2	9,0	6,5	4,7	7,7
$T_M$	15,5	15,8	19,0	19,7	23,2	25,6	27,2	26,9	24,1	22,8	18,0	15,3	21,1

No caso da estación meteorolóxica de Fene tan so temos as temperaturas medias mensuais:

MES	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	ANUAL
TEMP.	8,8	9,0	10,5	11,7	13,6	15,6	18,1	18,3	17,0	14,3	11,2	9,9	13,2


Como se pode ver non temos diferenzas significativas no referente as temperaturas na rexión. As temperaturas máis frías acádanse a finais do inverno, sendo as temperaturas máis cálidas no mes de agosto, as

temperaturas no termo municipal de Ares son suaves con invernos benignos e veráns con temperaturas pouco elevadas.

As amplitudes térmicas que temos no concello non experimentan variacións grandes debido ao réxime Atlántico que inflúe ao concello.

Monteventoso		Fene	
Amplitude térmica		Amplitude térmica	
Media Anual	Extrema Anual	Media Anual	Extrema Anual
9,3 ° C	14,2	9,5 ° C	18,2

A continuación temos o gráfico das temperaturas medias nas dúas estacións meteorolóxicas:



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020.



### 1.6.2. - PRECIPITACIÓN

A pesar da extrema variabilidade no tempo e no espazo das situacións causantes da precipitación, o concello de Ares atopase situada baixo unha influencia marítima xeneralizada, sendo a choiva un fenómeno moi ligado á proximidade ao mar, pois son os ventos carrexados de humidade que chegan desde o mar os que levan as precipitacións a terra.


As zonas mais próximas á costa soen ser as mais chuviosas, inda que tamén inflúen en grande medida outros factores, como a altitude con respecto ao nivel do mar, a presenza ou non de barreiras montañosas que impidan a circulación dos ventos mariños, etc.

Estación meteorolóxica de Monteventoso:

MES	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	ANUAL
PRE.	115	93	113	62	78	61	26	45	74	86	102	115	970

Estación meteorolóxica de Fene:

MES	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	ANUAL
PRE.	178	141	142	97	91	58	31	63	88	129	175	195	1388



As precipitacións medias anuais encóntranse entre os 970 mm e os 1388 mm, datos que non difiren significativamente, pero que indican un pequeno aumento das precipitacións nas terras do leste do concello.

Estación meteorolóxica de Monteventoso:

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
C.P.R.M.	1,39	1,25	1,37	0,78	0,94	0,75	0,31	0,54	0,92	1,04	1,27	1,40

Estación meteorolóxica de Fene:

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
C.P.R.M.	1,51	1,31	1,20	0,85	0,76	0,51	0,36	0,53	0,77	1,09	1,53	1,65


Á vista dos coeficientes indicadores do réxime pluviométrico anteriores apreciase que o concello ten un réxime pluviométrico non mediterráneo.

En canto á pluviometría nas diferentes estacións vemos no seguinte gráfico que o mes mais chuvioso é o do inverno, seguido da primavera e o outono con valores de choiva moi semellantes.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020.





DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020



En Ares, a 9 de setembro de 2020



### 1.6.3. - VENTO



O estudo medio do vento en km./hora, presenta na zona de Ares uns valores bastante suaves ao longo do ano (10,44 km/h de media obtido a partires dos datos da estación meteorolóxica do CIS-Ferrol). Obténdose un valor medio das máximas de 40,5 km/hora.

MES	ENE	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	ANUAL
MED	12,2	9,7	9	14	11,5	11,2	11,5	9,7	9,4	9,7	9,7	9,7	10,44
MAX	41,0	42,1	41,8	46,8	43,9	41,4	34,9	41,4	38,2	48,2	33,1	32,8	48,2



### 1.6.4. - CLIMODIAGRAMAS

Do análise ombrotérmico, estudo das relacións entre a pluviosidade e a temperatura, pode obterse información de grande interese ecolóxica, xa que estes elementos climáticos non actúan independentemente.




DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020




### 1.6.5. - DIAGRAMA DE GAUSSEN

Ao igual que nos análises termométricos e pluviométricos, un estudio gráfico, individual e comparativo do réxime ombrotérmico das estacións, pode ser o obtido a partir do seu correspondinte Diagrama de GausSEN (GAUSSEN, 1945), que propón que se considere como mes seco aquel en que as precipitacións teñan un valor menor que o duplo da temperatura media mensual ( $P < 2t$ ); e de forma similar define a subsequia, como aquel período en que  $P < 3t$  (WALTER 1977).



Como se pode observar na estación de Monteventoso temos un período de seca que coincide practicamente co mes de Xullo, tendo a súa intensidade máxima a mediados de dito mes.



No caso da estación de Fene o período de seca estival é moito menor, reducíndose a uns días do mes de Xullo.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020





## 1.6.6. - CLASIFICACIÓN CLIMÁTICA

### THORNTHWAITE

Atendendo a clasificación do clima en función de:

- Grado de humidade.
- Eficacia térmica
- Variación estacional da humidade.
- Concentración estival da eficacia térmica.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



Estación meteorolóxica de Monteventoso:

$I_h$	$I_a$	$I_{ha}$	C
44	20	32	44,4

$I_h$  – Índice de humidade.

$I_a$  – Índice de aridez.

$I_{ha}$  – Índice hídrico anual.

C – Índice da concentración estival da eficacia térmica.

Dos parámetros antes citados, obtidos a partir dos datos da estación meteorolóxica de Monteventoso podemos dicir, que no norte do concello atopase unha rexión húmida I ( $I_{ha}$  entre 20-40), cun réxime térmico que sería mesotermico II con valores de E.T.P. que oscilarían entre os 712-855 mm. Obtendo unha moderada falta de auga no verán e un contraste térmico baixo.

Estación meteorolóxica de Fene:

$I_h$	$I_a$	$I_{ha}$	C
92,1	14	84	44,5

$I_h$  – Índice de humidade.

$I_a$  – Índice de aridez.

$I_{ha}$  – Índice hídrico anual.

C – Índice da concentración estival da eficacia térmica.


A estación de Fene encadrase dentro dunha rexión húmida IV ( $I_{ha}$  entre 80-100) aumentando así a humidade, cun réxime térmico que sería mesotermico II con valores de E.T.P. que oscilarían entre os 712-855 mm. Obtendo ao igual que ocorría coa estación meteorolóxica de Corcubión unha moderada falta de auga no verán e un contraste térmico tamén baixo.

Diagrama de Thornthwaite:

Este diagrama serve para medir o contido de auga no solo, o balance hídrico.

Estación meteorolóxica de Monteventoso:

MES	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	ANUAL
PRE.	115	93	113	62	78	61	26	45	74	86	102	115	970
E.T.P.	23	30	55	75	105	113	126	108	57	43	23	23	780



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020


En Ares, a 9 de setembro de 2020



Cando as precipitacións son maiores que a ETP, comeza o período de recarga, que é o período no que o solo almacena auga. Neste caso, este fenómeno dáse durante todo o ano excepto no período que vai de mediados de abril a mediados de setembro.

Estación meteorolóxica de Fene:

MES	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	ANUAL
PRE.	178	141	142	97	91	58	31	63	88	129	175	195	1388
E.T.P.	22	30	55	76	106	111	127	109	57	42	23	23	780



Neste caso, xa no mes de marzo temos déficit hídrico por causa da diminución das precipitacións que se producen nos meses estivais. Sen embargo en setembro, debido a que as precipitacións superan á E.T.P., invertese esta dinámica e comeza a recuperación da reserva de auga.

Dos diagramas de Thornthwaite expostos pódese apreciar a maior bondade climática das terras situadas ao leste do concello de Ares.

## ALLUE

Esta clasificación establece unha serie de rexións fitoclimáticas, onde unha especie debería ser predominante ou onde deberían estar presentes certas especies. Para isto tense en consideración distintos factores que inflúen na distribución das especies vexetais, como son:

Precipitacións anuais.

Precipitacións estivais.


Temperatura media do mes máis frío.

Altitude.

Índice de aridez ( $n^{\circ}$  meses en que  $P \leq 2T$ ).

Intensidade de sequidade.

En función destes factores establecece unha serie de rexións fitoclimáticas, que en Galicia distribúense da seguinte maneira:



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



Segundo a clasificación da táboa anterior, e pola distribución das rexións que se observa no debuxo anterior, en Ares temos:

IV(V) correspondente á subrexión fitoclimática Mediterránea subhúmida de tendencia atlántica caracterizadas por ter precipitacións >750mm, un Índice de aridez maior de 1 e temperaturas do mes mais frío maiores de 6 °C. Correspondente ás parroquias de Lires, Toba, e ao oeste da parroquia da Pereiriña.

As correspondencias fisionómico-climáticas, establecidas por Allue, para a subrexión, resúmense da seguinte forma:

AESTIDURIGNOSA	IV(V)
Quercus lusitanica- Acer...	Propia da subrexión
Quercus canariensis- Q. Suber	Propia na subrexión
DURILIGNOSA	IV(V)
Q. ilex e Q. Ilex- Pistacea lentiscus	Propia na subrexión

**PAPADAKIS**

Esta clasificación basease en valores extremos de temperatura e elementos do balance hídrico, obtidos da estación meteorolóxica de Monteventoso, como factores limitantes da distribución dos cultivos.

Establece un réxime térmico, no que se integra un Tipo de Inverno, en función de distintos valores de temperaturas mínimas, e un Tipo de Verano, en función de distintos valores de temperaturas máximas.

Tipo de Inverno	Tipo de Verano
Citrus	Triticum

Tamén hai que establecer un réxime hídrico, que está baseado en elementos do balance hídrico, úsanse tres índices:

Índice de humidade anual.

Índice de humidade mensual.

Auga de lavado.

$I_{ha}$	$I_{hm}$		
	$>1$	$\leq 1, \geq 0,5$	$< 0,5$
1,2	7	3	2

Réxime Térmico	Réxime de Humidade	Clasificación Climática
Supermarítimo	Mediterráneo Húmido	Mediterráneo Marítimo

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020.



## 1.7. - VEXETACIÓN

Neste apartado descríbense as diferentes formacións vexetais presentes no concello. Primeiramente faise un percorrido sucinto pola descrición das diferentes formacións vexetais que se atopan ben de forma natural no territorio, ou ben sexan resultado das labores levadas a cabo polo home (as especies forestais de repoboación, os cultivos, etc.) para logo proseguir comentando a situación da flora no seu contexto bioxeográfico.

A paisaxe vexetal do concello atopase amplamente influenciada polos tipos de usos e aproveitamentos característicos. O forte desenrolo que sufriu o concello traducíuse nun aumento da presión e intensidade das actuacións humanas tanto agroforestal como industrial e urbanística.

A continuación realízase unha breve aproximación ás unidades de vexetación que se atopan no concello.

### BOSQUES

As zonas de bosque caracterízanse por ter un certo carácter antrópico derivado do manexo repoboador realizado nas terras forestais do concello. Sendo unha frondosa o eucalipto (*Eucalyptus globulus*) a especie mais utilizada seguida dunha conífera como é o pino galego (*Pinus pinaster*). Estas especies mestúranse nos bosques do concello.

A familia Myrtaceae vese representada polo eucalipto roxo (*Eucalyptus camaldulensis*) e principalmente polo eucalipto branco (*Eucalyptus globulus*), que ten a súa orixe en Australia e foi introducida nun principio para sanear terreos baixos e pantanosos. Hoxe en día é moi cultivada e está amplamente naturalizado, polo seu carácter pirófito e invasor, sobre todo na rexión litoral, onde ocupa unha ancha franxa costeira que no caso do concello de Ares o abarca na súa totalidade sendo un elemento mais da súa paisaxe.



O eucalipto favorece uns sotobosques de especies leñosas como son heliófilas (*Ulex europaeus*, *Erica cinerea*, *Erica tetralix*, *Erica umbellata*, *Erica arborea*, *Calluna vulgaris*, *Lithodora prostrata*) e silvas (*Rubus sp.*). No caso que se amplíen no tempo as cortas a 40-50 anos poden aparecer especies frondosas autóctonas así como algunhas especies nemorais.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020




*Erica arborea**Calluna vulgaris**Rubus sp.**Erica umbellata*

Dentro das Pináceas como xa se dixo a mais representativa é o pino galego (*Pinus pinaster*) que ao igual que o eucalipto ten o seu orixe nun cultivo silvícola que na actualidade atopase moi naturalizado formando parte da paisaxe forestal do concello de Ares.



O pino insigne (*Pinus radiata*) é outra das pináceas que adoece polos climas húmidos con invernos temperados. Inda que é orixinaria da zona costeira de Monterrei (California) pódese atopar no concello debido ao uso repoboador . Ocasionalmente pode atoparse naturalizado.



No ocaso do piñeiro manso (*Pinus pinea*) pódese atopar de maneira naturalizada, gustándolle os solos areosos e incluso os areais marítimos e dunas fixas.


DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020.





Os sotobosques formados a partir das especies de piñeiros son moi semellantes aos das matogueiras compostas por toxeirias (*Ulex europaeus*, *U. gallii*, *Ulex minor*, *Ulex micranthus*) e uceiras (*Erica australis*, *Erica arborea*, *Erica umbellata*, *Erica arborea*, *Calluna vulgaris*), sobre as que se instaláron, sendo a súa composición florística case igual. No caso de ter altas densidades de plantación, ou cando se realizan labores de roza próximas no tempo, o sotobosque presenta unha cobertura baixa de especies leñosas e unha certa abundancia de gramíneas (*Deschampsia flexuosa*, *Avenula sulcata*, *Dactylis glometara*, *Agrostis curtisii*, *Agrostis tenuis*, *Pseudoarrhenatherum longifolium*, etc.).



*Ulex minor*



*Deschampsia flexuosa*



*Dactylis glometara*

Nestas comunidades tamén adoitan aparecer especies como *Daboecia cantabrica*, *Halimium alyssoides*, *Pterospartum tridentatum*, *Lithodora prostrata*, *Simethis mattiazii*, *Digitalis purpurea*, *Pteridium aquilinum* e *Asphodelus arrondeaui*.



*Halimium alyssoides*



*Deschampsia flexuosa*



*Digitalis purpurea*



*Pteridium aquilinum*

O loureiro (*laurus nobilis*) aparece na zona litoral, penetrando cara ao interior polos vales fluviais.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020


En Ares, a 9 de setembro de 2020





Dentro da familia Salaciae no concello pódense atopar o choupo negro (*populus nigra*), o salgueiro branco (*Salix alba*), o salgueiro irto (*Salix fragilis*) o salgueiro anano (*Salix repens*) e por derradeiro temos o salgueiro (*Salix atrocinerea*) que é o mais común dos salgueiros. Estas especies pódense atopar nas ribeiras de cursos de auga, bagoadas e prados húmidos.

A familia da Betulaceae esta representada por un bo numero de especies como son: o ameneiro (*Alnus glutinosa*) que habita nas marxes dos ríos, fondos de val e lugares inundados, o bidueiro (*Betula alba*) habita nas zonas húmidas dos bosques caducifolios e beiras de cursos de auga e algunhas abeleiras (*Corylus avellana*) nos lugares sombríos e frescos dos vales e barrancos á beira dos regatos, en alisedas e en bosques mixtos caducifolios.



*Alnus glutinosa*

*Betula alba*

*Corylus avellana*

A familia Fagaceae vese representada nos bosques do concello por: o castiñeiro (*Castanea sativa*) poden verse exemplares desta árbore diseminadas polo concello habitando nos lugares frescos e con moita frecuencia asociado a especies caducifolias, como pode ser dentro da mesma familia o carballo albar (*Quercus petraea*), o carballo negro (*Quercus pyrenaica*) ou dunha maneira moito mais frecuente co carballo (*Quercus robur*) xa que esta arbore e típica do concello, a pesar de estar en franca regresión.




*Castanea sativa*

*Quercus petraea*

*Quercus robur*



Tamén se poden ver asociados aos terreos soltos fértiles cepas de nogais (*Juglans regia*). O érvedo ou madroño (*Arbutus unedo*) habita en matogueiras secas, borde de bosques e ladeiras de montañas como no Montefaro. O sabugueiro (*Sambucus nigra*) atopase en sebes e lugares frescos e húmidos.

*Juglans regia**Arbutus unedo**Sambucus nigra*

### MATORRÁIS E PASTEIROS ARBUSTIVOS

Ao longo de toda a costa da parroquia de Cervás e gran parte da orla litoral de Ares, esténdense os pasteiros arbustivos e o mato, representado maioritariamente por toxeias (*Ulex sp.*) e uceiras (*Erica sp.*).

Neste caso, a composición florística está caracterizada pola presenza das seguintes especies: toxos (*Ulex europaeus* e *Ulex gallii*), diversas ericáceas (*Erica vagans*, *Erica ciliaris*, *Erica cinerea*), gramíneas (*Pseudoarrhenatherum longifolium*, *Agrostis curtisii*, *Agrostis capillaris*, etc.). Tamén aparecen as seguintes especies: culcitas (*Culcita macrocarpa*), embigueiras de area (*Omphalodes littoralis*), rumex (*Rumex rupestris*), esfagnos (*Sphagnum pylaisii*) e woodwardias (*Woodwardia radicans*).

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

*Ulex europaeus**Erica cinerea**Agrostis tenuis*

Baixo a denominación de matorráis temos a vexetación halófila costeira formada maioritariamente polas seguintes clases:

*Juncetea maritimi* inclúe comunidades de praderías de distribución mediterráneo-eurosiberiana, en xeral de cobertura elevada, constituídas por xeófitos, hemicriptófitos e algúns caméfitos halófitos, en maior ou menor grao, que ocupan no cinto intermareal os horizontes medio e superior, asentándose sobre solos húmidos de salinidade non moi elevada.

*Saginetea maritimae* reúne vexetación terofítica halonitrófila, sometida a inundacións temporais de auga salobre. De distribución eurosiberiana-mediterránea.

A *Salicornietea fruticosae* inclúe comunidades constituídas por xeófitos, hemicriptófitos e caméfitos halófitos dominantes, que ocupan solos salobres, en maior ou menor grao, de humidade variable.

*Thero-Suadetea* dominadas por terófitos crasicaules halófitos do xénero *Salicornia*. De ampla distribución holártica, atópase en costas planas.

## PRADERÍAS E CULTIVOS

Tratase dun tipo de aproveitamento que ocupa unha ampla extensión dentro da comunidade vexetal do concello. O mais estendido é a pradeira. Entre os cultivos temos primeiramente o millo, seguido en importancia por outros de carácter hortícola como patacas, nabos e xudías.

A superficie adicada a pradeiras estendese por boa parte do concello. As especies mais características destes medios son: *Lolium multiflorum*, *Dactyllis glomerata*, *Ranunculus repens*, *Plantago lanceolata*, *Holcus canutus*, *Trifolium repens*, etc... Outras das especies forraxeiras son: *Rumex obtusifolius*, *Stelaria media*, *Taraxacum officinale*, *Bellis perennis*, *Erodium moschatum*, *Calypstegia sepium*, etc...



*Lolium multiflorum*



*Dactyllis glomerata*



*Ranunculus repens*



*Plantago lanceolata*


En moitas das zonas do concello poden aparecer delimitadas por alienacións de especies arbóreas (*Alnus glutinosa*, *Juglans regia*, *Quercus robur*, *Castanea sativa*, etc.). Nestes casos a composición florística esta formada por: *Valeriana pyrenaica*, *Athyrium filix-femina*, *Brachypodium sylvaticum*, *Carex reuteriana*, *Hedera helix*, *Viola riviniana*, *Primula acualis*, *Euphorbia dulcis*, *Osmunda regalis*, *Carex pendula*, *Humulus lupulus*, *Blechnum spicant*, *Lonicera periclymenum*, *Crepis lamsanoides*, etc...



*Valeriana pyrenaica*



*Hedera helix*



*Viola riviniana*



*Humulus lupulus*

Asociados aos cultivos están presentes o grupo das especies arvenses especializadas en invadir medios agrícolas; en ocasións tamén poden introducirse nas pradeiras, provocando unha diminución da súa calidade forraxeira. Como especies mais significativas temos: *Equium vulgare*, *Cerastium glomeratum*, *Spergula arvensis*, *Cyperus sculentus*, *Echinochloa crus-galli*, *Polygonum ariculare*, *Polygonum persicaria*, *Senecio vulgaris*, *Sonchus oleraceus*, *Brassica nigra*, *Raphanus raphanistrum*, *Veronica persica*, *Euphorbia hioscopicca*, *Mercurialis annua*, *Fumaria officinalis*, *Geranium molle*, *Geranium robertianum*.



*Cerastium glomeratum*



*Spergula arvensis*



*Polygonum ariculare*



*Raphanus raphanistrum*



*Polygonum persicaria*

### 1.7.1. - VEXETACIÓN POTENCIAL

Enténdese por vexetación potencial dun territorio, o conxunto de comunidades vexetais que constitúen as cabezas de serie presentes no devandito territorio e que, en ausencia de actividade humana deberían constituír a súa cuberta vexetal.

O estudo da vexetación potencial realízase en base aos criterios desenrolados por Rivas Martínez na “Memoria del mapa de series de vexetación de España” que permite efectuar previamente un encadre tanto bioxeográfico como bioclimático do termo municipal considerado, asignándose posteriormente, e con axuda do mapa correspondente, a unidade xeobotánica á que pertence dita zona, segundo a serie de vexetación descrita para cada conxunto de comunidades.

A Bioxeografía se encarga do análise e ordenación territorial das bioxeocenoses, unidades sintetizadoras dos aspectos non funcionais dos ecosistemas, é dicir, dos biótupos (espazo vital característico de determinados animais o plantas) e das biocenoses (agrupación natural de seres vivos).

O termo municipal de Ares segundo a súa localización bioxeográfica correspóndelle as seguintes unidades corolóxicas:

Reino: Holártico.

Rexión: Eurosiberiana.

Subrexión: Atlántico-Medioeuropea.

Superprovincia: Atlántica.

Provincia: Cantabro-Atlántica (Cantábrica).

Subprovincia: Astur-Galaica.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020


En Ares, a 9 de setembro de 2020.



Sector: Galaico-Asturiano.

Subsector: Galaico-Asturiano septentrional.

No seguinte mapa pódese ver de forma simplificada a vexetación potencial de Galicia:



A Coroloxía é a parte da bioxeografía que ten por obxecto a delimitación e estudo das áreas de distribución das especies, así como doutras unidades taxonómicas. O seu estudo permite discernir na superficie terrestre unha serie de territorios caracterizados pola presenza de elementos florísticos.

#### Descrición das series de vexetación potencial:

A serie de vexetación é a unidade xeobotánica sucesionista e paisaxista que expresa todo o conxunto de comunidades vexetais ou estados que poden atoparse en espazos teselares afíns como resultado do proceso de sucesión.

A vexetación potencial correspondente a zona de estudo, tanto a referida á especie clímax da súa etapa madura como ás distintas asociacións vexetais propias das fases degradadas, identifícase coa **SERIE 8aa, Serie colino-montana galaicoasturiana orocantábrica acidófila do carballo ou Quercus robur, (Blechno spicanti-Querceto roboris sigmetun) .VP, carballeiras acidófilas. Faciación colina con Laurus nobilis.**

A serie colino-montana galaico-asturiana acidófila do carballo corresponde na súa etapa madura ou clímax a un bosque pechado no que é dominante o carballo. Dito bosque natural desenrola solos silíceos en todas as exposicións, pero non soporta unha hidromorfía ou encharcamento prolongado, xa que nestes casos cede ante as ameneiras.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



Os piornos que substitúen as carballeiras acidófilas levan unha grande cantidade de uces (Xn. *Erica*), fento común (*Pteridium aquilinum*), xestas (Xn. *Cytisus*) e toxos (*Ulex europaeus*), aos que se lles une *Cytisus ingramii* nos solos sobre anfíbolitas. En calquera caso, o máis peculiar desta serie son as uceiras que instálanse sobre os solos podsolizados e degradados. En situacións normais, e dicir, sobre os solos profundos e secos, desenrolase unha uceira formada por *Erica mackaiana*, *Ulex gallii*, *Daboecia cantabrica*, etc. Sen embargo en litosoles e en certos solos areosos pouco profundos situados en outeiros graníticos aparece un tipo de uceiras menos sensible a seca estival formado por *Erica umbellata*, *Erica cinerea*, *Calluna vulgaris*, *Halimium ayssoides*, *Daboecia cantabrica*, *Ulex europaeus subs. europaeus*, *Ulex Gallii subs. breoganii*.

O termoclima da serie galaico-asturiana acidófila do carballo mostra unha notable amplitude, xa que o seu índice de termicidade (It) oscila dos 160 aos 340, o que permitiu distinguir e cartografar unha faciación ou subserie colina de *Laurus nobilis*.

Os marxes da carballeira, sobre todo cara os outeiros ou ladeiras que non acumulen humidade suplementaria no solo, están poboadas por fentos, xesteiras e toxos. Nas etapas máis degradadas pola acción do lume e o pastoreo, aparecen primeiro pasto e máis tarde nos solos máis degradados e acidificados, as uceiras formadas por Xn. *Erica*, *Calluna vulgaris*, *Ulex europaeus subsp. europaeus*, *Pseudoarrhenatherum longifolium*.

ETAPAS DE REGRESIÓN	
Nome da serie	8aa.Acidófila colina-montana galaicoasturiana orocantábrica do carballo
Árbore dominante	<i>Quercus robur</i>
Nome fitosociolóxico	Blechno-Querceto roboris sigmetum
I. Bosque	<i>Quercus robur</i> <i>Blechnum spicant</i> <i>Saxifraga spathularis</i> <i>Viola riviniana</i>
II. Mato mesto	<i>Cytisus ingramii</i> <i>Cytisus scoparius</i> <i>Erica arborea</i> <i>Pteridium aquilinum</i>
III. Mato degradado	<i>Daboecia cantabrica</i> <i>Erica macaiana</i> <i>Ulex gallii</i> <i>Agrostis setacea</i>
IV. Pastos	<i>Agrostis capillaris</i> <i>Trifolium repens</i> <i>Sieglingia decumbens</i>

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



## 1.8. - FAUNA

A vexetación descrita no apartado anterior condiciona a posibilidade de establecemento das especies faunísticas e o seu desenvolvemento. A continuación enuméranse os principais ecosistemas faunísticos presentes no concello de Ares, que son:

- Cultivos, que inclúen terras de labor, prados e zonas máis ou menos urbanizadas.
- Mato e pasteiro arbustivo, que inclúe as comunidades de toxo (*Ulex sp.*) e as Uceiras (*Erica sp.*).
- Bosques, formados por asociacións de especies frondosas (*Eucalyptus globulus*, *Quercus robur*, etc...) e especies coníferas (*Pinus pinaster*, *Pinus radiata*).
- Os ríos e as súas ribeiras, considerando o cauce do río propiamente dito e as zonas adxacentes inundables.
- O medio urbano, que inclúe os asentamentos de poboación denso e aqueles que se dispoñen dunha maneira dispersa.

Estes hábitats analízanse dende o punto de vista fisionómico, baseándose nas características como no tipo de vexetación dominante ou o uso do terreo.

### CULTIVOS

As comunidades faunísticas presentes neste hábitat son moi variables en canto a súa composición específica, dependendo de si se trata de zonas degradadas ou de zonas agrícolas menos humanizadas.

Os campos de cultivo, en xeral, supoñen unha oferta alimenticia considerable que é aproveitada sobre todo por aves e mamíferos.

Entre as primeiras sinálanse os fringílidos como o pinzón común (*Fringilla coelebs*) que aproveita estas zonas nos invernos, tamén atopase o miñato común (*Buteo buteo*) que nidifica en zonas non moi espesas xunto aos campos de cultivo, a escribenta liñaceira (*Emberiza Cirlus*) que se distribúe por hortos e cultivos arbóreos de frutais e o igual que o pinzón no inverno aproveita os terreos cultivados para a súa alimentación, e unha larga lista de especies que teñen nestes medio so seu hábitat preferente.

Tamén abundan os micromamíferos, particularmente roedores propios de praderías e cultivos (*Microtus spp.*) e insectívoros dos xéneros *Sorex* e *Crocidura*.



*Fringilla coelebs*



*Buteo buteo*



*Emberiza Cirlus*


Tamén os campos de cultivo ofrecen unhas boas condicións para o bo desenvolvemento de poboacións de algunhas especies de anfibios e réptiles.

### ZONAS DE MATO E PASTEIRO ARBUSTIVO

As zonas de mato son escasas no concello, unicamente temos unha zona de certa entidade nas inmediacións de Punta Coitelada na parroquia de Cervás. No que se refire as zonas de pasteiro arbustivo ocupan gran parte da franxa litoral das parroquias de Cervás e Ares.

Como aves características pódense citar dentro da familia Sylviidae a papuxa montesa (*Sylvia undata*) que ten como hábitat os matos espesos de uceiras e toxais, na familia Accipitridae nestes tipo de hábitats temos ao miñato común (*Buteo buteo*).


Netas zonas atópanse mamíferos como é o caso do coello (*Oryctolagus cuniculus*). Tamén nas zonas de toxais resultan certamente abundantes os insectívoros e os roedores, así como carnívoros caso do raposo (*Vulpes vulpes*), a doniña (*Mustela nivalis*) e o armiño (*Mustela erminea*) que se distribúe polas zonas costeiras e praderías arbustivas.




*Sylvia undata*



*Vulpes vulpes*




*Mustela*




*Oryctolagus cuniculus*

Por derradeiro destacar a presenza de réptiles característicos destes medios como é o caso do lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*) e a lagartixa da serra (*Lacerta monticola*), ocupando zonas de mato podendo así mesmo encontrarse en áreas de pastizais con rochas.



*Lacerta schreiberi*



*Lacerta monticola*

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



## BOSQUES

A maioría dos bosques do concello están formados por asociacións de masas frondosas (*Ecalyptus globulus*) e coníferas (*Pinus pinaster*) que forman bosques mixtos.

Os bosques de eucalipto son pobres en especies e a diversidade de estas va en aumento segundo o bosque vai incorporando novas especies arbóreas e arbustivas.

No caso dos carballos non chegan a formar verdadeiros bosques. Normalmente están mesturados con masas de eucaliptos e pinos.

Estas zonas arboradas teñen un papel importante para a fauna xa que son zonas que serven de refuxio, e ademais nelas nidifican un gran numero de especies que se alimentan noutros hábitats.

Entre as aves destacan especialmente as adaptadas a prosperar en troncos e ramas como o gabeador común (*Certhia brachydactyla*), o peto verdeal (*Picus viridis*), o pero real (*Dendrocopos major*) e en menor medida a familia paridae (*Parus*). Tamén son de destacar as rapaces diúrnas como o miñato común (*Buteo buteo*) ou a familia Accipitridae (*Accipiter gentilis*, *Accipiter nisus*), e as nocturnas curuxa común (*Tyto alba*). Toda estas especies e outra larga lista de paseriformes refúxianse nas zonas boscosas do concello.



*Certhia  
brachydactyla*



*Picus viridis*



*Parus*



*Accipiter nisus*

A maioría das especies de mamíferos presentes no concello están presentes nos bosques, principalmente naqueles mais próximos aos cursos fluviais.

## OS RÍOS E AS SÚAS RIBEIRAS

A presenza de cursos de auga favorecen a presenza de numerosos insectívoros (*Crocidura*, *Sorex*, *Neomys*) e roedores (*Microtus*, *Apodemus*) nas súas ribeiras.

Os anfibios que dependen directamente do medio acuático para desenrolar o seu ciclo vital, atópanse representados polas familias Ranidae como Ra patilonga (*Ra iberica*) e a Ra vermella (*Ra temporaria*), Salamandridae como é o caso do Tritón palmeado (*Triturus helveticus*) e Salamántiga galega (*Chioglossa lusitanica*) que gustan dos lugares húmidos cercanos aos cauces.


DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020





Para rematar temos a familia Discoglossidae representada polo Sapiño pintoxo (*Discoglossus galganoi*) que se atopa nos regatos, charcas, fontes, especialmente os rodeados por vexetación semiacuática, incluso en augas algo salobres.

*Ra iberica**Triturus helveticus**Ra temporaria**Chioglossa lusitanica*

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020





Os réptiles tamén teñen presencian neste tipo de hábitats como no caso da lagartixa dos penedos (*Podarcis hispania*) que gusta de hábitats rupícolas, e o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*) que está ligado aos cursos de auga con abundante cobertura vexetal.

### MEDIO URBANO

No medio urbano existe un gradente faunístico no que as especies silvestres máis receosas son desprazadas en beneficio dos animais domésticos, as especies asilvestradas e as especies adaptadas para utilizalas como recursos alimenticios.

Asociadas sobre todo aos asentamentos de poboación dispersos temos algúns réptiles, un deles é a lagartixa dos penedos (*Podarcis hispania*) que pode aparecer en construcións humanas, muros naturais e artificiais de gran insolación. Neste tipo de hábitats tamén se atopan micromamíferos (*Rattus spp.*) e insectívoros dos xéneros *Sorex* e *Crocidura*.

*Podarcis hispania**Rattus spp.*

Entre as aves dentro da familia Paridae temos o ferreiriño común (*Parus ater*), Ferreiriño azul (*Parus caeruleus*) que no inverno estendese polos parques e xardíns das cidades. Dentro da familia Motacillidae destaca lavandeira branca (*Motacilla alba*) que ten presenza en moitas ocasións en zonas con influencia humana. A andoriña común (*Hirundo rustica*) cría en edificios, establos e casas.



*Motacilla alba*



*Hirundo rustica*

A continuación farase unha enumeración das especies animais máis interesantes presentes no concello de Ares; a realización deste listado de biótopos faunísticos fíxose entre outras fontes cos datos obtidos do “Atlas de Vertebrados de Galicia”, onde se recollen as especies animais presentes na comunidade.

As especies que foron incluídas no inventario presentan un valor particular dado o seu interese científico, ecolóxico e cultural ou pola súa singularidade. Neste inventariado non se recollen tódalas especies presentes no concello.

Servirémonos do “Catalogo Nacional de Especies Animais” que é un rexistro público no que se incluírán aquelas especies, subespecies ou poboacións da fauna silvestres que requiran medidas específicas de protección. As categorías establecidas son:

**En perigo de extinción:** Unha especie, subespecie ou poboación inclúese nesta categoría cando os factores negativos que inciden sobre ela fan que a súa supervivencia sexa pouco probable a curto prazo.

**Sensibles á alteración do seu hábitat:** Un taxon é incluído nesta categoría cando non estando en perigo de extinción se enfrenta a un risco de desaparición na natureza a medio prazo debido principalmente a que ocupa un hábitat ameazado, en grave regresión, fraccionado ou moi limitado.

**Vulnerables:** Un taxon é considerado como tal cando sen estar en perigo de extinción se enfrenta a un risco de desaparición na natureza a medio prazo.

**De interese especial:** Taxons que non cumprindo os criterios para incluírse nas categorías anteriores, presentan un valor particular en función o seu interese científico, ecolóxico, cultural ou pola súa singularidade.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



## Anfibios:

NOME CIENTIFICO	NOME VULGAR	CATEGORÍA
Chioglossa lusitanica	Salamántiga galega	De interese especial
Discoglossus galganoi	Sapo raxada	De interese especial
Ra iberica	Ra patilonga	De interese especial
Ra temporaria	Ra bermeja	De interese especial
Triturus helveticus	Tritón palmeado	De interese especial

## Réptiles:

NOME CIENTIFICO	NOME VULGAR	CATEGORÍA
Lacerta schreiberi	Lagarto das silvas	De interese especial
Podorcis hispania	Lagartixa dos penedos	De interese especial
Chalcides bedriagei	Esgonzo ibérico	De interese especial
Coronella austriaca	Cobra lagarteira común	De interese especial
Natrix natrix	Cobra de colar	De interese especial

## Mamíferos:

NOME CIENTIFICO	NOME VULGAR	CATEGORÍA
Rhinolopus ferrumequinum	Morcego grande de ferradura	De interese especial
Galemys pyrenaicus	Toupa de río	De interese especial
Pipistrellus pipistrellus	Morcego común	De interese especial
Myotis myotis	Morcego rateiro grande	De interese especial
Mustela erminea	Armiño	De interese especial
Lutra lutra	Lotra	De interese especial

## Aves:

NOME CIENTIFICO	NOME VULGAR	CATEGORÍA
Fringilla coelebs	Pimpín común	Descatalogado
Accipiter gentilis	Azor	De interese especial
Accipiter nisus	Gabián	De interese especial
Buteo buteo	Miñato común	De interese especial
Falco subbuteo	Falcón pequeno	De interese especial
Falco tinnunculus	Lagarteiro peneireiro	De interese especial
Apus melba	Andurón	De interese especial
Upupa epops	Bubela común	De interese especial
Cuculus canorus	Cuco común	De interese especial
Tyto alba	Curuxa común	De interese especial



Picus viridis	Peto verdeal	De interese especial
Dendrocopos major	Pero real	De interese especial
Apus apus	Vencello común	De interese especial
Lullula arborea	Cotovía pequena	De interese especial
Alcedo atthis	Martiño peixeiro	De interese especial
Hirundo rustica	Andoriña común	De interese especial
Delichon urbica	Andoriña do cu branco	De interese especial
Anthus trivialis	Pica das árbores	De interese especial
Motacilla cinerea	Lavandeira real	De interese especial
Motacilla alba	Lavandeira branca	De interese especial
Troglodytes troglodytes	Carrizo	De interese especial
Prunella modularis	Azulenta común	De interese especial
Erithacus rubecula	Paporrubio común	De interese especial
Phoenicurus ochrurus	Rabirrubio tizón	De interese especial
Saxicola torquata	Chasco común	De interese especial
Cisticola juncidis	Picaxuncos	De interese especial
Hippolais polyglotta	Fulepa amarela	De interese especial
Sylvia undata	Papuxa montesa	De interese especial
Phylloscopus collybita	Picafollas común	De interese especial
Regulus ignicapillus	Estreliña riscada	De interese especial
Aegithalos caudatus	Ferreiriño subeliño	De interese especial
Parus cristatus	Ferreiriño cristado	De interese especial
Parus ater	Ferreiriño común	De interese especial
Parus caeruleus	Ferreiro bacachís	De interese especial
Parus major	Ferreiro abelleiro	De interese especial
Certhia brachydactyla	Gabeador común	De interese especial
Oriolus oriolus	Ouriolo	De interese especial
Lanius collurio	Picanzo vermello	De interese especial
Emberiza citrinella	Escribenta real	De interese especial
Serinus serinus	Xirín	De interese especial
Pyrrhula pyrrhula	Papurrubio real	De interese especial
Emberiza cia	Escribenta riscada	De interese especial
Emberiza cirrus	Escribenta liñaceira	De interese especial

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020.



## 1.9. - VALORES AMBIENTAIS E PAISAXÍSTICOS SINGULARES: ÁREAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN

### 1.9.1. - ÁREAS DE INTERESE AMBIENTAL (AIA)

#### MARCO

Toda tarefa de ordenación territorial require da **identificación das áreas máis fráxiles ou vulnerables** do municipio, as cales posúen á súa vez **intereses ambientais e didácticos** pola súa xeomorfoloxía, pola fauna ou pola flora, ou polos seus procesos ecolóxicos, para así poder ordenar consecuentemente. No presente diagnóstico, preséntase a metodoloxía seguida así como os resultados obtidos, identificando as áreas susceptibles de ser consideradas de interese ambiental.

#### OBXECTIVOS

Tal e como contemplan as DOT, a delimitación dunhas Áreas de Interese Ambiental (Áreas estratéxicas de conservación) resulta fundamental para concentrar e aumentar a efectividade dos esforzos na compatibilidade das actividades humanas co medio no cal se desenrolan. Así, por un lado, revalorízase a riqueza ambiental do territorio, podendo converterse nun recurso máis do municipio; e doutro lado, inténtanse conservar aquelas áreas máis relevantes e fráxiles que contribúen á consideración do **patrimonio natural de Ares**.

En definitiva, a finalidade da identificación destas Áreas de Interese Ambiental é a **proposta** de áreas susceptibles de ser clasificadas como **Solo Rústico de Especial Protección de Espazos Naturais**.

#### METODOLOXÍA

A busca de Áreas de Interese Ambiental partiu da utilización de 4 fontes de información, ou traballos realizados previamente, ou instrumentos legais, segundo corresponda. A saber: os espazos naturais en réxime de protección xeral pola Xunta de Galicia; o documento do anterior PXOM de 1999; a Directiva Hábitats; e o mapa forestal de España a escala 1:50.000 (1998) da provincia de A Coruña, editado polo Ministerio de Medio Ambiente.

Todas estas fontes foron comprobadas por unha primeira fase de traballo de campo. A continuación descríbense os elementos e formacións afectadas por cada unha delas:

#### ESPAZOS NATURAIS EN RÉXIME DE PROTECCIÓN XERAL

Dentro dos espazos naturais en réxime de protección xeral achados no concello de Ares que figuran na xa declarada Rede Natura 2000 promovida pola directiva HÁBITATS. Todos os seus espazos propostos como LIC (Lugares de Interese Comunitario) promulgáronse como espazos naturais protexidos en réxime de protección xeral baixo a figura de "*Zonas de especial protección dos valores naturais*" polo decreto 72/2004, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, e a resolución de 30 de abril de 2004, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Os últimos cambios normativos e de planificación outorgan aos anteriores LIC a consideración de Zona de especial protección (ZEC).

Para o caso de Ares, cabe a mención, pese a non se atoparen dentro dos límites territoriais do concello, o espazo da **Costa Ártabra**. Este inclúe espazos intermareais e mariños (comunidades bentónicas de algas e

invertebrados). Percorre a liña de costa do concello de Ares desde a praia de San Martiño, areal máis setentrional, ata Punta Avarenta, fito sito ao sur.

#### ÁREAS CON VALORES AMBIENTAIS E DIDÁCTICOS ESTUDADAS NO DOCUMENTO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE 1999

Este documento identifica unhas áreas que gozan de elevado valor xeomorfolóxico, faunístico e florístico, unido ao valor didáctico que isto supón. Con isto sinalan a Punta Coitelada e o Montefaro como espazos naturais. Ao mesmo, identifica unha franxa costeira, que percorre todo o litoral meridional do termo municipal, clasificada como Solo Rústico de Protección Paisaxística, sen embargo prevalecen o seu interese ecolóxico sobre o paisaxístico, posto que abrangue restos dunha plataforma intermareal, con formas residuais froito dunha erosión diferencial a prol das diferentes liñas de fractura, así como unha rica e singular fauna propia destes ambientes intermareais.

#### NORMAS COMPLEMENTARIAS E SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DA PROVINCIA DE A CORUÑA

Consideráronse a delimitación dos espazos naturais da provincia de A Coruña, incluídas neste documento. Para o concello de Ares presentaban dúas áreas:

32. Punta Coitelada

37. Illas Mirandas

Estas foron comprobadas e redelimitadas, segundo o seu estado de conservación actual, véndose reducida á delimitación do primeiro espazo, posto que a presión urbanística, así como a proliferación de especies de repoboación, eucalipto e piñeiro, minguaron considerablemente os valores naturais da mesma. Así mesmo, dentro desta mesma delimitación distinguíronse tres unidades con características que as individualizan, polo que se divide en: Monte Salgueiras e Montefaro; Praia de Chanteiro; e Punta Coitelada.

#### MAPA DO INVENTARIO DE HUMEDAIS DE GALICIA (ESCALA 1:280.000)

Posto que o municipio de estudo posúe unha topografía de suaves pendentes, e incluso con certo grao de achairamento en determinados sectores do termo, cunha abundosa presenza de ríos, regos e regatos, de escasa entidade, mais de riqueza ecolóxica, empregouse esta fonte ao inicio dos traballos do PXOM para ubicar e comprobar, co posterior traballo de campo, os principais humedais do municipio de estudo.

Atopáronse cinco áreas con este tipo de hábitats:

- Ría de Ares
- Enseada do Baño
- Río Pomoulo
- A Xunqueira

Porén, ao igual que no caso anterior, o traballo de campo levou á redelimitación da meirande parte deles. Así, mentres no caso do río Pomoulo a delimitación real actual é máis reducida que a do inventario, no caso da Xunqueira, a superficie real do humedal supera moi significativamente á contemplada no inventario.

#### HÁBITATS PRIORITARIOS RECOLLIDOS NA DIRECTIVA HÁBITATS

Trátase de hábitats identificados e cualificados como prioritarios na directiva 79/409/CEE (directiva HÁBITATS), pero que non foron recollidos nun potencial espazo protexido debido o seu estado de conservación.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



## MAPA FORESTAL DE ESPAÑA (1999), A ESCALA 1:50.000 DA PROVINCIA DE A CORUÑA

Neste caso como zonas forestais de interese, a priori, tan só se puideron seleccionar as formacións arbóreas correspondentes aos **bosques de ribeira**, e **bosques e bosquetes mixtos**, posto que a meirande parte do territorio atópase poboado eucalipto, e recentes plantacións de especies de repoboación. Para tal efecto, os primeiros traballos de campo puxeron de manifesto a necesidade de actualizar o devandito debido á súa escala de execución, apoiándose na ortofotografía aérea do último ano dispoñible.

Todas estas fontes supoñen a base maioritaria da selección de áreas susceptibles de ser consideradas como **Áreas de Interese Ambiental (AIA)**. A elas úneselles o traballo de campo que permite a confirmación delas e a inclusión ou exclusión doutras.

## RESULTADOS

O traballo de campo, perante a situación de partida, desembocou nun **diagnóstico da situación ambiental** do municipio de Ares, a partir do cal púidose proceder á identificación, coa posterior xerarquización, das Áreas de Interese Ambiental resultantes.

Este diagnóstico céntrase en resaltar os valores ambientais máis destacados do concello, tanto de índole positiva como os negativos. Dentro dos primeiros, merecen interese os valores xeomorfolóxicos, e, unidos a estes, os didácticos, posto que se tratan de procesos vencellados ao litoral, achándose ecosistemas de moi elevada riqueza e produtividade ecolóxica (plataformas mariñas, enseadas) así como de elevada singularidade e riqueza (pequenos sistemas dunares, formas residuais derivadas dunha erosión diferencial, numerosas furnas, etc..).

Sen embargo, o medio ambiente de Ares sufriu, e pode estar aínda a sufrir, ao igual que ocorre na práctica totalidade dos municipios litorais de Galicia, unha acelerada degradación debido, por un lado, á ocupación de terreos coa finalidade de construír primeiras e segundas residencias, estas últimas con destino aos meses de verán; e por outro, á economía autárquica de subsistencia practicada desde antano no medio rural galego. A primeira das causas corrixiuse en gran medida coa aparición da actual lei de costas. Sen embargo, a segunda causa sigue desenvolvéndose, se ben cada vez menos, sendo, ademais, os seus efectos aínda máis graves por canto se deixan sentir nunha superficie maior e durante prazos máis longos. Trátase de prácticas tales como a tala de sotos caducifolios característicos das ribeiras fluviais, que deixan as marxes dos leitos desprotexidos, diminuindo a capacidade de autorrexeneración das augas e favorecendo a erosión; da substitución dos bosques de carballo por monocultivos de piñeiros e eucaliptos, que empobrecen a paisaxe e o solo dos montes e favorecen os incendios forestais; así como a degradación das zonas húmidas pola presión urbanística, cunha rendibilidade moi cuestionable. A resulta deste proceso baséase na existencia de bosques fragmentados cunha elevada presenza de eucaliptos e piñeiros, predominando os primeiros; así como, de bosques de ribeira moi focalizados nas marxes dos ríos, de reducida extensión e formando auténticas ringleiras que sucen os pequenos vales, se ben, tamén é preciso destacar a escasa entidade destes ríos e regatos, de reducido caudal e curto percorrido posto que as súas nacentes áchanse moi próximas á desembocadura.

Considerando todo isto, amais da ZEC existe, considerouse conveniente identificar como AIA aquelas formacións con certos valores ecolóxicos de zonas húmidas, entre as que destaca A Xunqueira, e outras **stantes da vexetación autóctona por desenvolver aínda unha dinámica natural.**

As Áreas de Interese Ambiental identificadas son as seguintes:

1. Costa Ártabra
  - 1.1. ZEC da Costa Ártabra
  - 1.2. Monte Salgueiras e Montefaro
  - 1.3. Praia de Chanteiro
  - 1.4. Punta Coitelada
  - 1.5. Praia da Campa e do Raso
  - 1.6. Franxa costeira ao leste de Redes e val do río Sandeo
2. Bosque mixto do rego Pomoulo
3. Bosquetes mixtos de Combarro
4. Bosque mixto do río de Baño
5. Bosquetes mixtos de Campo de Aldea
6. Bosquetes mixtos do Cernal
7. Bosque mixto da Lamagoa
8. A Xunqueira
9. Bosquetes mixtos do rego Baixolo
10. Bosquetes mixtos da Solaina

Por tanto, pódese ollar que os **valores ambientais máis sobresaíntes** no municipio atópanse no seu **medio costeiro**, presentando tamén valores ecolóxicos, de maior ou menor interese as **formacións vencelladas coa presenza de auga, ribeiregas e humidais**, dos principais cursos fluviais.

Cómpre destacar que parte das *masas arboradas do interior* incluíronse entre estas delimitacións porque supoñen os redutos de vexetación autóctona presentes, presentando así certo interese natural, cunha importante presenza de especies arbóreas autóctonas tales como o castiñeiro, carballo, numerosos salgueiros, algún ameneiro, e incluso atopáronse algúns exemplares de bidueiros. Sen embargo, a meirande parte destes bosques e bosquetes mixtos delimitados, xunto coa restante superficie arborada do termo municipal, contan cunha elevada presenza de eucalipto e piñeiro, que constitúen formacións de repoboación ou formacións mixtas, restándolle interese. A pesares de non ser estas especies axeitadas dado o seu carácter pirofítico e a dificultade de descomposición das súas follas e acículas (responsable, no derradeiro termo, do empobrecemento do solo), actúan positivamente impedindo a erosión dos montes e retendo o solo nas súas raizames, polo que, canto menos, a súa contribución a integridade do balance hídrico do solo é considerable. É por iso necesario destacar os seus *valores forestais*.

Para finalizar, a continuación realízase unha breve descrición destas Áreas de Interese Ambiental.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020





**ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL: 1.1**

En Ares, a 9 de setembro de 2020

**DENOMINACIÓN: Costa Ártabra****PARROQUIAS: Cervás, Ares e Caamouco**

Treito de costa comprendido entre a praia de San Martiño e as proximidades da Punta do Castelo, para seguir desde a desembocadura do río A Xunqueira ata o núcleo de Redes, e desde o leste do devandito núcleo ata a desembocadura do río Sandeo, seguindo o seu val que serve de límite entre os concellos de Ares e Fene.

Tamén se inclúe dentro desta delimitación o espazo natural protexido como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, Costa Ártabra, incluído tamén como Zona de especial conservación (ZEC) da Rede Natura 2000, aínda que a súa delimitación abrangue tan só áreas intermareais, sen abranguer territorio continental. Sen embargo, cómpre destacar os seus elevados valores ecolóxicos, onde abonda unha importante e característica fauna e flora propia deste tipo de ambientes mariños, destacando os ourizos e unha ampla diversidade de algas.

Xa dentro do espazo continental, delimitado e denominado Costa Ártabra en alusión ao contexto territorial ao que pertence, figuran unha gran diversidade de formas litorais, desde os grandes areas, pequenos sistemas dunares, cantís, furnas, formacións residuais dunha erosión diferencial tales como os illotes (o máximo expoñente deste tipo de modelado reside nas Illas Miranda), enseadas, e mesmo humedais de importante valor ecolóxico, tanto polo seu interese intrínseco coma polo papel regulador do equilibrio ambiental.

Destaca pois polos seus **valores biolóxicos, de interese rexional**, sendo tamén áreas de importantes valores **xeomorfolóxicos e didácticos**. Para o seu estudo dividiuse en seis áreas en función do seu interese. Trátase de:

- ZEC da Costa Ártabra (AIA 1.1)
- Monte Salgueiras e Montefaro (AIA 1.2)
- Praia de Chanteiro (AIA 1.3)
- Punta Coitelada (AIA 1.4)
- Praia da Campa e do Raso (AIA 1.5)
- Franxa costeira ao leste de Redes e val do río Sándeo (AIA 1.6)

Posto que o ámbito do presente documento céntrase na análise para a futura ordenación do territorio continental, a Área de Interese Ambiental 1.1 correspondente á ZEC da Costa Ártabra, a pesares de seren cartografado e subliñado coma unha importante e recoñecida gran unidade natural, a súa individualización e tratamento singularizado non ten cabida dado á natureza deste tipo hábitats mariños. Non obstante, a importancia deste espazo, xunto coas repercusións do mesmo sobre a costa, e viceversa, serán consideradas na avaliación dos restantes espazos que constitúen esta gran Área de Interese Ambiental.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020.



**ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL: 1.2****DENOMINACIÓN: Monte Salgueiras e Montefaro****PARROQUIAS: Cervás**

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



O **Monte Salgueiras e Montefaro** constitúe unha gran subunidade de considerable significación para o concello de Ares, posto que é un espazo onde a vida militar foi a dominante. Destes tempos pasados, e froito dunha importante actividade, perduran abondosas edificacións militares, hoxe en día en estado de abandono, sendo colonizadas por toxeirias e matogueiras propias da zona.

Como o seu nome indica, trátase dun monte bañado polo mar, formando unha especie de península, cuxo punto máis occidental áchase na Punta Ségano. A súa altitude supera os 250 metros, polo que oferta un gran contraste entre as súas cimas e o nivel do mar, enfatizándose pola pequena distancia entre as cimas máis altas do municipio, ubicadas no centro desta subunidade e o mar. É así, que desde o punto de vista xeomorfolóxico, destacan os cantís rochosos, onde predominan o granito sobre calquera outro tipo de rochedo; xunto con pequenas formacións areosas tales como a praia de San Martiño.

A súa situación favorable aos ventos dominantes do oeste fan que a vexetación dominante sexa as formacións de extensas superficies de matogueiras, de aspecto acolchado. Os hábitats maioritarios son as uceiras secas europeas (*Ulicis europaei-cinerae*), de gran extensión; e por outra parte, desde a punta Ségano ata a metade da Enseada de Chanteiro, áchase Uceiras secas atlánticas costeiras de *Erica vagans* (*Cisto salvifolii* – *Ulicetum humilles*). Estas últimas son consideradas como un hábitat prioritario dentro da Directiva Hábitats europea. Non obstante dado á disposición do relevo de Oeste-Leste, as vertentes norte, aínda que en menor medida, e a sur abranguen formacións arbóreas, onde o eucalipto e o piñeiro son as especies dominantes.

En definitiva esta Subárea de Interese Ambiental presenta **valores xeomorfolóxicos e biolóxicos**.



**ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL: 1.3****DENOMINACIÓN: Praia de Chanteiro****PARROQUIA: Cervás**

A **Praia de Chanteiro** foi, na súa orixe, unha zona de deposición de areas finas e brancas, no fondo dunha enseada, de considerable profundidade (Enseada de Chanteiro), onde desemboca o rego Pomoulo. Este áchase canalizado ao seu paso polo núcleo de Chanteiro ata desembocar, da mesma forma, neste areal formando unha pequena mancha de vexetación típica dos medios doce-acuícolas cun elevado estado de degradación.

Resumindo, a Praia de Chanteiro é un sistema natural cun alto grao de alteración, cuxo interese natural reside no seu **emprazamento no fondo dunha enseada**, xunto coas marxes rochosas de natureza granítica.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



**ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL: 1.4****DENOMINACIÓN: Punta Coitelada****PARROQUIAS: Cervás**

Extensa franxa costeira que abranxe **rochedos graníticos** alternando con pequenas **formacións areosas** situadas no fondo de estreitas calas.

O seu estado de conservación como paraxe natural é moi aceptable na franxa costeira, xa que non estiveron suxeitos á presión antrópica tanto pola topografía adversa para o asentamento, predominando os cantís costeiros, coma pola exposición aos fortes ventos.

Ao marxe dos seus valores paisaxísticos, nesta área vaise atopar unha elevada diversidade de avifauna (tanto mariñas como terrestres). Ademais, no referente a vexetación, o biótoto de monte baixo alcanza o seu estado clímax, polo que se trata dun sector de elevada naturalidade. Segundo a Directiva Hábitats, nesta subárea desenvólvense as uceiras atlánticas costeiras de *Erica Vagans*, consideradas coma un hábitat prioritario (*Cisto salvifolii* – *Ulicetum humilles*). Cara o interior desta gran subunidade áchanse formacións arbóreas, onde predominan os eucaliptos e os piñeiros, se ben, tamén se poden ver algúns exemplares de castiñeiros.

Esta pequena península denominada Punta Coitelada, por seren esta o fito máis occidental, goza de elevado **interese científico-didáctico para a xeomorfoloxía e a bioloxía** sobre todo, sendo posible polo seu estado de conservación e as súas características xeomorfolóxicas. Como a meirande parte do termo municipal este espazo é percorrido por interesantes roteiros de sendeirismo.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



**ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL: 1.5****DENOMINACIÓN: Praia da Campa e do Raso****PARROQUIAS: Caamouco**

Trátase de **dúas praias unidas** e de características moi semellantes. Ambas constitúen os areais de maior extensión dentro do termo municipal, sendo concorridas tanto polos bañistas coma polos surfeiros, aproveitando o vento existente para a práctica deste deporte.

É de destacar, ademais da súa extensión, o seu aceptable estado de conservación pese a que o seu grao de naturalidade é medio-baixo. Esta última característica é así debido ao contexto no que se inscribe, onde a proximidade das edificacións illadas e do núcleo urbano en xeral, xunto co desenvolvemento de pistas e camiños, réstanlle a súa naturalidade orixinal. Pese a isto, aínda se conservan pequenos cordóns dunares móbiles, fixados parcialmente pola vexetación típica destes medios areosos.

Dentro desta delimitación inclúense un conxunto de álamos que na época de cría, e de xeito moi especial, durante a emancipación das crías, de xuño a primeiros de setembro, serve de refuxio a varias parellas de falcóns comúns, segundo argumenta un perito local.

Subárea de Interese Ambiental con valores **xeomorfolóxicos e biolóxicos**.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



**ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL: 1.6****DENOMINACIÓN: Franxa costeira ao leste de Redes e val do río Sandeo****PARROQUIAS: Caamouco**

Trátase dun pequeno treito de costa areosa intercalada con pequenos treitos rochosos pertencente á ría de Ares. No seu extremo máis oriental áchase o río Sándeo, cunha dirección norte-sur, que verte as súas augas na devandita ría.

As cubertas vexetais existentes son bosques e bosquetes mixtos con abondosa presenza de árbores frondosas tales como o castiñeiro ou o carballo, entre loureiros, piñeiros e eucaliptos. O primeiro destaca pola súa proximidade ao mar, posto que non se trata dunha especie de ambientes mariños.

Esta subunidade ambiental goza dun grande interese posto que posúe **valores xeomorfolóxicos e biolóxicos**, o que a súa vez lle propicia valores **didácticos**.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



**ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL: 2****DENOMINACIÓN: Bosque mixto do Rego Pomoulo****PARROQUIAS: Cervás**

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



O Bosque mixto do rego Pomoulo componse dun bosque de ribeira moi focalizado nas marxes do leito fluvial do devandito, cunha disposición leste-oeste, de reducida pendente e con predominio do salgueiro, aínda que tamén abrangue algún ameneiro, posuíndo un sotobosque tupido con abondosas silveiras e especies típicas destes espazos ribeireños, cun certo grao de asolagamento; así mesmo, esta Área de Interese Ambiental tamén abrangue un bosque mixto, nas proximidades da desembocadura e na marxe esquerda do rego Pomoulo. Neste bosque existe un gran número de castiñeiros, configurando formacións típicas dos bosques atlánticos, se ben, tamén cómpre destacar a abondosa presenza de especies de repoboación que lle restan terreo aos primeiros, constituíndo unha importante ameaza que se desenvolve en detrimento da formación orixinal.

O curso fluvial é de reducidas dimensións e de escasa identidade, sendo ademais canalizado ao seu paso polo núcleo de Chanteiro, desembocando co seu caudal regulado e canalizado. Sen embargo, acada **certo encharcamento**, antes da súa canalización, configurando un ambiente higrófilo que xustifica a súa inclusión no inventario de **humedais de Galicia**.

Trátase dunha unidade de interese ambiental que destaca polos seus **valores biolóxicos e didácticos**, se ben, o seu interese é de ámbito parroquial-local.





**ÁREAS DE INTERESE AMBIENTAL: 3****DENOMINACIÓN: Bosquetes mixtos de Combarro****PARROQUIAS:** Cervás

Os bosquetes mixtos de Combarro constitúen un bo exemplo, dentro do termo municipal, deste tipo de formacións. Sen embargo, a presenza de **especies de repoboación**, maioritariamente de eucalipto e, en menor medida, de piñeiro, unido ao seu carácter frugal **réstanlle interese**, quedando relegado ao ámbito local. **As especies autóctonas** áchanse moi **focalizadas ao curso fluvial**, e a súa conservación foi posible dado o moderado encaixamento deste pequeno val. Existen diferentes especies arbóreas como castiñeiros, salgueiros, ameneiros e loureiros entre outras.

Esta Área de Interese Ambiental destaca principalmente polos seus valores biolóxicos e didácticos, mais a súa escala non supera á parroquial-municipal.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



**ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL: 4****DENOMINACIÓN: Bosque mixto do Rego de Baño****PARROQUIAS: Cervás e Ares**

Esta Área de Interese Natural responde á delimitación dun bosque mixto desenvolto nun val de moderadas pendentes, sucado polo rego que lle dá nome á mesma. Abrangue **abondosos exemplares de castiñeiros**, así como **salgueiros, ameneiros, carballos, loureiros** e especies de repoboación, piñeiros e eucaliptos. Estas últimas áchanse, na meirande parte dos casos, nos bordes da área, aínda que tamén se mesturan cos exemplares frondosos.

Posúe **valores xeomorfolóxicos**, respondendo ao paso do rego do Baño que propicia a consideración dun espazo húmido inserido no mapa de humedais de Galicia; así como valores **florísticos e faunísticos**, sendo o seu interese parroquial-local. Tamén se podería destacar os valores **estéticos** que a presenza de diferentes especies frondosas lle outorgan á paisaxe dado á diversidade da follaxe e heteroxénea gama cromática vencellada a estas.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



**ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL: 5****DENOMINACIÓN: Bosquetes mixtos de Campo de Aldea****PARROQUIAS: Ares**

Trátase dunha formación arbórea con distribución en bosquetes, bastante fragmentada en determinados sectores da área que dada á abundancia de especies de repoboación, eucaliptos e piñeiros, réstanlle interese. Sen embargo, posto que abrangue unha **abundosa superficie de especies autóctonas**, con predominio de castiñeiros e, de xeito moi especial, de salgueiros con algúns ameneiros, esta delimitación constitúe unha Área de Interese Ambiental, se ben, o seu interese queda reducido ao ámbito local.

Resumindo, esta AIA goza de **valores didácticos** e, moi especialmente de valores **biolóxicos**, estando o seu interese relegado ao territorio parroquial-municipal.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



**ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL: 6****DENOMINACIÓN: Bosque mixto do Cernal****PARROQUIA: Ares**

Trátase dun bosque constituído por abondosos salgueiros con castiñeiros, ameneiros, pequenos loureiros e reducidos pés de carballo, xunto outras especies alóctonas tales como o eucalipto e o piñeiro. Posúe un denso sotobosque composto por fentos, silveiras, uceiras, etc.. En algúns sectores, esta área áchase fragmentada ou clareada, dado a presenza dalgunhas vivendas.

Os seus **valores** son principalmente **biolóxicos**, posuíndo unha **rica avifauna** dado a proximidade do mar, servindo de refuxio a moitas especies deste grupo faunístico.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



**ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL: 7****DENOMINACIÓN: Bosque mixto de Lamagoa****PARROQUIAS: Ares**

Trátase dun bosque mixto con abundosa presenza de **salgueiros**, así mesmo, tamén se achan **ameneiros, castiñeiros e carballos**. Non obstante, **especies de repoboación**, eucalipto e piñeiro, unido ao seu carácter frugal, réstanlle naturalidade, ubicándose nas marxes da área e constituíndo unha importante **ameaza** para a súa conservación. Desenvólvese nunha lomba de modelado suave, con pequenos regueiros adxacentes.

Dentro desta AIA inclúense dúas parcelas cun marcado carácter de transición entre a vexetación arbórea, propiamente forestal, e a pertencente ao humidal da adxacente Xunqueira. Presenta algúns exemplares de xuncos dispersos por este sector suroriental, sen embargo, dado ao seu estado de transición, na súa evolución a tendencia indica unha colonización de especies arbóreas autóctonas, segundo a súa sucesión serial ecolóxica.

Posúe valores **biolóxicos**, incrementándose estes pola proximidade dun espazo de maiores valores ecolóxicos tal e como é A Xunqueira de Ares.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



**ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL: 8**

**DENOMINACIÓN: A Xunqueira**

**PARROQUIAS: Ares**

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



Esta Área de Interese Ambiental, denominada “A Xunqueira” dado ao sistema ecolóxico ao que fai referencia, pertence ao tipo de **turbeiras minerotrofas**. Estas responden á influencia do entorno e á presenza dun elevado nivel freático próximo que, neste caso, trátase de ríos e regatos que converxen nela ou a atravesan. Trátase dunha charca de inundación onde se xuntan varios cursos, sendo o río Xunqueira e o río Novo os máis representativos. A vexetación deste enclave áchase constituída pola asociación de plantas palustres, unha fraga de salgueiros, comunidades nas marxes das zonas húmidas e as comunidades de prados e canais.

Predomina, de maneira case absoluta, a **espadana (*Typha latifolia*)** no sector central, ocupando unha extensión case inusual, sendo a **formación deste tipo de maior extensión no contexto rexional**. Xunta a esta especie aparecen outras aínda máis raras en Galicia tales como a *Typha angustifolia* e *Typha dominguenis*. A xunqueira periférica de *Carex ripariá* é única na rexión dado a súa extensión. Nos prados que rodean a parte posterior da xunqueira, destaca a **presenza da lingua da serpe (*Ophyoglossum vulgatum*)** tratándose dun **pequeno fento atopado tan só en tres lugares de toda Galicia**. Na zona de fraga rupícola áchase, principalmente, salgueiros (*Salix atrocinerea*) e ameneiros (*Alnus glutinosa*), xunto con outras especies como loureiro (*Laurus nobilis*), sabugueiro (*Sambucus nigra*), o buño (*Carex umbrosa*) e outras moitas especies que configuran o substrato herbáceo.

Así mesmo, constitúe unha área potencial da presenza da escribenta das canaveiras (*Emberiza shoenicus* L.subsp. *lusitanica Steinbacher*), especie en perigo de extinción que conta cun plan de recuperación aprobado por Decreto 75/2013, do 23 de xaneiro.

Dende tempos pretéritos este tipo de ambientes eran percibidos como zonas insalubres, vencellando a súa existencia cun mosquiteiro, con zonas improdutivas, etc.. Sen embargo, esta óptica mudou drasticamente, sendo **espazos moi valorados**, especialmente no senso de comprender globalmente o seu papel na regulación hídrica ou nas súas relacións con outros complexos ecolóxicos, sendo de vital importancia no freo natural das avenidas dos ríos e a conseguinte redución do perigo de inundacións en áreas agrícolas; redución da erosión de ribeiras e control de arrastre de sedimentos; control natural da contaminación; hábitat privilexiado de aves acuáticas e outras especies silvestres; educación e investigación científica; e un longo etcétera.

Esta Área de Interese Ambiental goza de **singularidade** e de **representatividade** dentro deste tipo de ecosistemas, dado ás peculiaridades presentadas na composición florística da zona, así como dos seus elevados valores ecolóxicos de alto interese. Posúe elevados valores faunísticos, especialmente no grupo correspondente á avifauna, e xeomorfolóxicos tamén a singularizan e fan deste espazo digno do seu tratamento coma **unha importante Área de Interese Ambiental** cando menos a **escala rexional**.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



**ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL: 9****DENOMINACIÓN: Bosquetes mixtos do Rego Baixolo****PARROQUIAS: Caamouco**

Os bosquetes mixtos do rego Romeo constitúen un bo exemplo deste tipo de formacións, cunha distribución irregular, representativa a escala parroquial-local. O seu grao de naturalidade é medio – baixo, dado as edificacións indiscriminadas así como a proximidade á praia. Por outra banda, cómpre destacar a elevada **fragmentación** destes bosquetes especialmente. Así mesmo, tamén se acha fragmentada o sector máis setentrional desta AIA, aínda que a existencia de **carballos** con algún **bidueiro**, moi pouco frecuente no termo municipal, fan meritorio incluílo dentro da devandita.

O seu carácter peculiar áchase na existencia dun ameneiral que constitúe un hábitat do tipo de bosque húmido. Non obstante, tamén se achan abondosos salgueiros, e en menor medida, aínda que nada desprezable a súa extensión, castiñeiros e carballos. Existen, ademais, abondosos loureiros, algúns deles de destacada altura.

Destacan os seus valores xeomorfolóxicos, biolóxicos e didácticos entre os máis sobresaíntes.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020





**ÁREA DE INTERESE AMBIENTAL: 10****DENOMINACIÓN: Bosquetes mixtos da Solaina****PARROQUIAS: Caamouco**

Trátase dunha formación arbórea, con abundosa presenza de especies autóctonas, cunha distribución irregular en bosquetes que ocupa unha pequena valgada nacente, rodeada por asociacións harmónicas de cultivos e prados artificiais.

Entre as especies máis destacadas cómpre destacar o **castiñeiro, o salgueiro, os ameneiros, loureiros e a acacia branca** ou falsa acacia nos rebordes desta mancha, servindo de linde entre os pasteiros e os bosquetes. A pesares da diversidade de especies nunha reducida extensión, tamén se atopan algúns pés de piñeiros e eucaliptos, se ben estes son os que menos.

Dado o carácter autóctono desta formación cómpre dicir que esta AIA goza de **valores biolóxicos, así como xeomorfolóxicos e didácticos**, sendo representativa deste tipo de formacións no eido parroquial-local.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



## 1.9.2. ÁREAS DE INTERESE PAISAXÍSTICO

En Ares, a 9 de setembro de 2020



### MARCO

